

A C T A 7/2023

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- 24 DE MAIO DE 2023 -

Na Casa do Concello, a vinte e catro de maio de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D. José Antonio Garea Gil

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a Mayte Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.^a Carmen Diéguez González

D.^a Sofia Rama Lorenzo

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 500/23 Á RES 620/23, DO 21/04/2023 Ó 18/05/2023)**
- 2.- DACIÓN DE CONTA REPAROS 2022**
- 3.- DACIÓN DE CONTA LIQUIDACIÓN 2022**
- 4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2023**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA (2023-2027) PLIA.**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 11/2023. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2023 FINANCIADO CO RLTX**
- 8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DA IGREXA – CALO**
- 9.- MOCIÓNS**
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas e cinco minutos, declara público e aberto o acto. O sr. alcalde aclara que o Pleno do día de hoxe se corresponde co ordinario do mes de maio, que foi adiantado unha semana.

Procédese a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 500/23 Á RES 620/23, DO 21/04/2023 Ó 18/05/2023).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de abril ata o 18 de maio de 2023, que comprenden os números 500 ao 620.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DACIÓN DE CONTA REPAROS 2022.

O sr. alcalde da conta do informe de intervención, de 10 de maio de 2023, sobre os informes de reparo formulados durante o exercicio 2022, segundo o documento incorporado no expediente, da mesma data, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

En cumprimento do disposto no artigo 2.3 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de seguido dase conta ao Pleno da Corporación do informe de intervención emitido en relación cós informes de reparo formulados durante o exercicio 2022:

INFORME DE INTERVENCION

ASUNTO: SOBRE OS REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2022

O presente informe emítase en cumprimento do artigo 218 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo o cal: “ O órgano interventor elevará informe ó Pleno de tódalas Resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade contrarias ós reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos”.

Por outra parte, o artigo 2º apartado 3º da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local ordena á intervención municipal a dar conta ao Pleno da Corporación, como punto independente na orde do día, das resolucións da Alcaldía contrarias aos reparos efectuados e das anomalías en materia de ingresos, podendo o Alcalde aportar informe xustificativo da súa actuación.

Finalmente, o artigo 15.6 do RD 424/2017 de 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local establece que, con ocasión da dación de conta da liquidación, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.

Igualmente se debe remitir dita información ao Consello de Contas.

1.-Informes desfavorables formulados e resolucións da Alcaldía que resolven as discrepancias,Reparos de facturas:

Reparo 01/2022.-Resolucion da Alcaldía de data 21/03/2022 . sobre inexistencia de contratos administrativos de servizos varios, contratos menores sucesivos e facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:470.887,72€

Reparo 02/2022.-Resolución da Alcaldía de data 29/04/2022.Sobre facturas sen proposta de gasto previa. .IMPORTE REPARADO: 177.666,88€

Reparo 03/2022.- Resolución da Alcaldía de data 01/06/2022. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo . Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:195.335,33€

Reparo 04/2022.-Resolución da Alcaldía de data 04/07/2022. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas se proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:202.433,05€

Reparo 05/2022.- Resolución da Alcaldía de data 15/07/2022. Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa. IMPORTE REPARADO:160.672,88€

Reparo 06/2022.- Resolución da Alcaldía de data 09/09/2022 . Sobre ausencia de expediente de contratación ou contrato menor sucesivo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:149.963,63€

Reparo 07/2022.- Resolución da Alcaldía de data 14/10/2022-sobre ausencia de expediente de contratación servizo. Facturas sen proposta de gasto previa.IMPORTE REPARADO:162.192,35€

Reparo 08/2022.- Resolución da Alcaldía de data 04/11/2022.- Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:43.691,97€

Reparo 09/2022.-Resolución da Alcaldía de data 16/11/2022. Facturas sen proposta de gasto previa.Ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:274.071,09€

Reparo 10/2022.- Resolución de Alcaldía de data 24/11/2022. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo. IMPORTE REPARADO:344.598,52€

Reparo 11/2022.Resolución da Alcaldía de data 16/12/2022. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:194.023,11€.

Reparo 12/2022.Resolución da Alcaldía de data 30/12/2022. Facturas sen proposta de gasto previa, ausencia de contratos, contrato menor sucesivo.IMPORTE REPARADO:553.181,41€.

Nota: as resolucións da Alcaldía e acordos plenarios que levantan os reparos anteriores aproban as facturas baseándose na teoría do enriquecemento inxusto (xurisprudencia do tribunal supremo)

2.-OUTROS INFORMES DE REPARO:

Informes mensuais das nóminas.- por irregularidades detectadas nas nóminas dalgúns traballadores municipais e por devengar de acordo regulador e convenio colectivo informados xa desfavorablemente por Secretaría e Intervención. O recoñecemento e pago das nominas aprobouse mediante Resolución de Alcaldía cada mes.

-Convocatoria de subvencions deportes.-fiscalizada desfavorablemente a fase de recoñecemento da obriga por xustificacions incorrectas.

-Reparo suspensivo con responsabilidade contable por pago de gratificacions por gardas de localización á policía local.

-Reparos por recoñecementos extraxudiciais de créditos, expedientes 01/2022 e 02/2022.

3.-ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS:

Non constan.

Isto é canto ten a ben informar a funcionaria que suscribe.

Teo, 10 de maio de 2023.

A INTERVENTORA

Mónica Lado Varela

Teo, 10 de maio de 2023.

O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

Sendo as nove horas e sete minutos, incorpórase á sesión plenaria o concelleiro do PP, D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

3.- DACIÓN DE CONTA LIQUIDACIÓN 2022.

O sr. alcalde da conta dos resultados da liquidación do exercicio 2022, segundo o documento incorporado no expediente, do 27 de abril de 2023, que se reproduce a continuación.

“DACIÓN DE CONTA

Rafael Sisto Edreira, Alcalde do Concello de Teo, en cumprimento do disposto no artigo 193.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL.

DOU CONTA ao Pleno da Corporación dos resultados da Liquidación do exercicio 2022, có seguinte resumo:

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO

RESULTADO ORZAMENTARIO

1.-RESULTADO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO

a) operacións correntes

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	14.967.273,28
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	13.025.216,96
RESULTADO ORZAMENTARIO 1	1.942.056,32

b) Operacions de capital

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	659.212,62
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.798.245,23
RESULTADO ORZAMENTARIO 2	-2.139.032,61

Resultado Orzamentario Non Financeiro(1+2).....-196.976,29€

2.-RESULTADO ORZAMENTARIO FINANCEIRO

a) activos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0.00
-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0.00
RESULTADO ORZAMENTARIO F.3	0.00

b) pasivos financeiros

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	389.231,08
----------------------------	------------

-OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	326.609,55
RESULTADO ORZAMENTARIO F.4	62.621,53

Resultado Orzamentario Financeiro(3+4).....62.621,53€

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2022.....-134.354,76€

Axustes:

1.-Desviacións imputables **negativas (+)**.....**1.250.465,15€**

2.-Desviacións imputables **positivas (-)**.....**265.907,56€**

3.-Modificacións de crédito financiadas con RLTX, fase O.....**12.208,58€**

RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO EXERCICIO 2022	862.411,41€
---	--------------------

2.-REMANENTE DE TESOURERIA

1. (+) FONDOS LÍQUIDOS		923.728,53
2. (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO		2.885.668,16
(+) del Presupuesto corrente	849.901,11	
(+) de Presupuestos cerrados	1.579.142,51	
(+) de operacións no presupuestarias	456.624,54	
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	19.681,59	
3. (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		2.485.582,26
(+) do Presupuesto corrente	1.607.308,14	
(+) do Presupuestos cerrados	329.909,79	
(+) de operacións no presupuestarias	548.364,33	
(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	315.650,72	
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL (1 + 2 - 3)		1.619.783,56
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO(-)		1.444.656,83
REMANENTE DE TESOURERÍA GFA (-)		18.301,92
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (RTT-RTGFA)		156.824,81

3.-AFORRO BRUTO E NETO

A) Dereitos Recoñecidos Netos por Capítulos 1 a 5 liquidación orzamento 2022		14.967.273,28
B) Obrigas Recoñecidas por Capítulos 1,2 e 4 liquidación orzamento 2022		13.044.403,33
C) Anualidade Teórica de Amortización Total		326.609,56
D) OR correspondientes a modif. crédito financiadas con RLTX		12.208,58
	Aforro Bruto	1.922.869,95
	Aforro Neto	1.584.051,81
	Porcent. débeda s/dtos. Liquid.	25,71%

4.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LIMITE DE DEBEDA(SUSPENSION DE REGLAS FISCAIS EN 2022)

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:INCUMPRIMENTO

REGLA DE GASTO: INCUMPRIMENTO

SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA: CUMPRIMENTO

Teo, 27 de abril de 2023

O alcalde

Rafael Sisto Edreira”

4.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2023.

O sr. alcalde da conta do informe de Tesourería, do 12 de maio de 2021, sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao primeiro trimestre 2023.

“EXPEDIENTE: 2023/X999/000307

TESOURERÍA: INFORME MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2023

Asunto: Informe da Tesourería sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao primeiro trimestre 2023.

Lexislación aplicable

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, establece no seu apartado 3 do seu artigo cuarto: “Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.”

O apartado 4 do mesmo artigo, establece que “Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

A Lei 3/2004, establece non seu artigo 3, apartado 1, que a Lei será de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así, segundo establece o artigo 198.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá a obrigaón de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos

de cobranza nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (...) Sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210 e no apartado 1 do artigo 243, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo.

A Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, que determina o procedemento para seguir para a remisión da información, establece no seu artigo 16.6 que antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano remitirase, entre outros, o informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pago global a provedores e do período medio de pago mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagas e pendentes de pago de cada entidade e do conxunto da Corporación Local.

Por outra banda, coa publicación do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo de 2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; establece o método de cálculo do período medio de pago a provedores. O período medio de pago (PMP) definido aquí mide o atraso **no pago da débeda comercial en termos económicos** como un indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. O cálculo o PMP do Concello de Teo extraese directamente de aplicación informática contable que realiza os cálculos de forma automática, segundo os datos ofrecidos o período medio de pago

correspondente ao 1º trimestre é de 53.43 días, incumpríndose o prazo máximo de 30 días.

Asemade, debe terse en conta que neste trimestre o programa contable do Concello de Teo computa o inicio do prazo dende a data de recoñecemento da obrigaón. Neste senso debe terse en conta a “Guía para o cálculo do período medio de pago a provedores das entidades locais” publicada polo Ministerio de Facenda e Función pública en decembro de 2022 que o momento de inicio do cómputo de prazos no caso de operacións comerciais nas que resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación de bens entregados e servizos prestados computa dende a data de aprobación de ditos documentos (informe de conformidade, acta de recepción, etc.) que non ten que coincidir co acto administrativo e contable de recoñecemento da obriga.

Neste Concello consta implantado un sistema de conformidade das facturas, recibindo cada unha das facturas unha conformidade individual, co cal o inicio do cómputo debería realizarse dende esa data de conformidade. Non obstante ata á data actual dita data de conformidade co que respecta aos datos que se analizan neste PMP, non se está insertando no programa contable, o que fai que os datos de pmp que arroxa o programa contable non se adapten a determinado pola citada Guía do Ministerio. En marzo, polo departamento responsable da contabilidade, o Departamento de Intervención, adoptáronse as medidas a efectos de poder conformar as facturas mediante o sistema de firmadoc co cal a partires do seguinte trimestre os datos que ofrezca o programa contable deberían tomar como dies a quo, a data de conformidade.

En virtude de todo o exposto e para dar cumprimento á obrigaón legal, achéganse os seguintes informes:

- a) Pagos realizados no trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda, e desagregación no Anexo I extraído da aplicación contable municipal.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda.

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda e desagregación no Anexo II extraído da aplicación contable municipal.

d) Detalle do período medio de pago global a provedores (formato extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda).

Informe de Morosidade

EXERCICIO

2023

PRIMEIRO TRIMESTRE

Código de Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	PAGOS REALIZADOS NO PERÍODO				
			Período Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Período Legal Pago		Pagos Fora período Legal Pago	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total
11-15-082-AA-000	Teo	Limitativa	95,96	87	115.861,85	880	1.354.885,95

Código da Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	INTERERES DE DEMORA PAGADOS NO PERIODO	
			Número de Pagos	Importe Total Intereses
11-15-082-AA-000	Teo	Limitativa	0	0

Código de Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO PERIODO				
			período Medio Pago Pendente (PMPP) (días)	Dentro período Legal Pago ao Final del período		Fora período Legal Pago ao Final del período	
				Número de Operacións	Importe Total	Número de Operacións	Importe Total
11-15-082-AA-000	Teo	Limitativa	94,08	1187	1.446.329,14	2463	1.665.520,02

PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES
TRIMESTRAL
DETALLE POR ENTIDADES

TRIMESTRE 1º TRIMESTRE
AÑO 2023

En días

Código de Entidade	Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Ratio de Operacións Pendentes de Pago	período Medio de Pago Trimestral
11-15-082-AA-000	Teo	40,33	66,04	53,43

ANEXO I

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE DESAGREGADOS

Concello de Teo

Ejercicio: 2023

Trimestre: Primeiro

Fecha Obtención 25/04/2023 11:45:32

Pagos realizados en el Trimestre

Pagos realizados en el Trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el Trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	96,68	76	96.251,34	828	1.078.108,18
20- Arrendamientos y Cánones	89,45	2	814,64	19	30.295,09
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	94,13	7	1.454,61	141	100.355,39
22- Material, Suministro y Otros	97,14	67	93.982,09	668	947.457,70
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	93,12	11	19.610,51	52	276.777,77
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0		0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0		0	
TOTAL	95,96	87	115.861,85	880	1.354.885,95

ANEXO II
FACTURAS OU DOCUMENTOS
PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO
TRIMESTRE
DESAGREGADOS

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Periodo medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendiente de pago al final del trimestre			
		Dentro periodo legal pago a final del trimestre		Fuera periodo legal pago a final del trimestre	
		Nº Operaciones	Importe total	Nº Operaciones	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	128,29	309	440.470,68	2080	1.395.890,22
20- Arrendamientos y Cánones	86,70	6	8.213,85	11	25.998,87
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	54,36	67	75.035,71	40	30.837,57
22- Material, Suministro y Otros	133,75	236	357.221,12	2029	1.339.053,78
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	71,46	24	251.815,72	10	70.316,86
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	87,00	0		1	7.600,80
Pendientes de aplicar a Presupuesto	35,41	854	754.042,74	372	191.712,14
TOTAL	94,68	1187	1.446.329,14	2463	1.665.520,02

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA (2023-2027) PLIA.

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro de benestar, persoal, deportes, participación veciñal e servizos básicos, D. Xosé I. Igrexas Vilar.

O sr. Igrexas da conta da proposta da Alcaldía de 11 de maio de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 16 de maio de 2023.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA (2023-2027)

A iniciativa Cidades Amigas da Infancia, liderada por UNICEF Comité Español, ten

como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno (ONU, 1989), ratificada polo noso país en 1990, no ámbito dos Gobernos Locais.

Este Pleno Municipal aprobou recentemente a presentación da solicitude do noso concello para a renovación como Cidade Amiga da Infancia o 01 de marzo de 2023.

Considerando que dentro dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria de aplicación por parte de UNICEF España, para o outorgamento do recoñecemento é imprescindible contar co apoio de todas as forzas políticas representadas no Pleno Municipal para o Plan Local de Infancia e Adolescencia, e para iso é requisito que o devandito plan este aprobado por este Pleno Municipal.

Destacamos tamén que a elaboración do Plan contou cun proceso participativo de diferentes sectores, tanto da Mesa de Coordinación interna, formada por persoal político e técnico, como unha Mesa comunitaria que agrupou a persoas significativas do concello, como a propia rapazada do Consello Local de Infancia e Adolescencia.

Tendo en conta que o prazo para entregar a UNICEF este documento e outros requiridos para a renovación do selo como Cidade Amiga da Infancia finaliza o 30 de xuño de 2023, presentamos un avance do documento final do PLIA e a posibilidade de que o próximo goberno local electo realice as modificacións oportunas, se así o considera.

En virtude do exposto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte **ACORDO**

Primeiro.- Aprobar o Plan Local de Infancia e Adolescencia do Concello de Teo (2023-2027).

Segundo.- Remitir a UNICEF o presente acordo, xunto co Plan Local de Infancia e Adolescencia do Concello de Teo (2023-2027)”

Preguntado polo sr. alcalde, os portavoces dos grupos municipais anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar o Plan Local de Infancia e Adolescencia do Concello de Teo (2023-2027).

Segundo.- Remitir a UNICEF o presente acordo, xunto co Plan Local de Infancia e

Adolescencia do Concello de Teo (2023-2027).

Incorpórase como anexo I á presente, o Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2023-2027 do Concello de Teo.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS.

O sr. alcalde da conta da proposta de 11 de maio de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 16 de maio de 2023.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA PARA A XESTIÓN DOS FONDOS EUROPEOS.

O concello de Teo aprobou en sesión plenaria celebrada o 27 de xullo de 2022 o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE TEO no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión dos fondos europeos.

En data 07/12/2022 tivo entrada no Concello a Resolución de data 05/12/2022 concedendo a subvención solicitada ao abeiro da Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro (BOE nº 60 do 11 de marzo) da convocatoria de axudas directa do Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos (PIREP), compoñente 2 “Implementación dá Axenda Urbana española: Plan de Rehabilitación e rexeneración urbana”, investimento C.215, subproxecto Reforma integral da Escola de Cacheiras. PIREP LOCAL LIÑA 1 Nº de expediente C215LP/22/00928.

Por Decreto da Alcaldía de data 13 de marzo de 2023 procedeuse ao nomeamento dos membros da Comisión Antifraude de acordo co previsto no apartado 4.3 do Plan Antifraude aprobado.

En data 23 de marzo de 2023 constituíuse a Comisión Antifraude, procedendo a realizar a avaliación do risco de fraude en data 28 de marzo de 2023.

No vixente Plan de Medidas Antifraude do Concello de Teo, aprobado e o 27 de xullo de 2022, se recolle como función da Comisión Antifraude a actualización periódica e seguemento do Plan.

Con data 11 de maio a Comisión Antifraude realiza unha proposta de modificación do Plan Antifraude, na que se inclúen, con carácter xeral, as seguintes cuestións:

- Adaptar o contexto e obxectivo do Plan Antifraude
- Actualizar a normativa, se completa o apartado de conceptos e terminoloxía
- Limitar o ámbito de aplicación do Plan aos procedementos de contratación de Fondos Next Generation
- Cambiar a denominación da Comisión Antifraude a Comité Antifraude (DA 112 Lei 31/2022 do 23 de decembro)
- Actualizar os modelos de DACI incidindo na obrigatoriedade de asinalos pola administración e adxudicatario
- Incluír a metodoloxía a través da cal se realizou a avaliación do risco de fraude en cumprimento da Guía da Comisión Europea
- Incluír nas medidas de prevención DACIS e catálogo de bandeiras vermellas
- Incidir, en canto ás medidas de corrección, na necesidade de asumir con fondos propios todas aquelas actuacións nas que se detecte unha bandeira vermella ou posible conflito de interese ou fraude
- Contemplar a revisión obrigatoria de carácter anual do Plan, sen prexuízo das posibles revisións que solicite a Comisión Antifraude ou que resulten necesarias por apreciación de conflito de interese ou fraude.

Consecuentemente, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**

- 1. Aprobar a modificación do Plan de Medidas Antifraude e os seus anexos, no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos, quedando o mesmo redactado tal e como figura no Anexo ao presente.**
- 2. Publicar o Plan na sede electrónica do concello para xeral coñecemento**
- 3. Dar traslado do presente acordo a *Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda, do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*, para o seu coñecemento e efectos oportunos, xunto ao Anexo que na presente sesión se aproba”.**

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1. Aprobar a modificación do Plan de Medidas Antifraude e os seus anexos, no Marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para a xestión de Fondos Europeos, quedando o mesmo redactado tal e como figura no Anexo ao presente.

2. Publicar o Plan na sede electrónica do concello para xeral coñecemento

3. Dar traslado do presente acordo a *Secretaría General de Agenda Urbana y Vivienda*, do *Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana*, para o seu coñecemento e efectos oportunos, xunto ao Anexo que na presente sesión se aproba.

Incorpórase como anexo II á presente, o Plan de Medidas Antifraude e os seus anexos.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 11/2023. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2023 FINANCIADO CO RLTX.

O sr. alcalde da conta da proposta de 11 de maio de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 16 de maio de 2023.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA:

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 11/2023. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2023 FINANCIADO CO RLTX

Considerando que o 2 de novembro de 2022 esta Alcaldía comunicou ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a aceptación da axuda do Plan de Rehabilitación de Edifícios de titularidade Pública (PIREP local) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, por un importe de 407.773,85€ (Expediente C215PL/22/00928) para a Reforma integral da Escola de Cacheiras.

Considerando que o concello de Teo no exercicio 2023 mantén prorrogados os orzamentos do exercicio 2022 e que esta actuación non estaba prevista orzamentariamente no ano 2022 ao non terse publicado previamente a convocatoria da subvención.

Considerando que o crédito necesario para a licitación da obra e da redacción do proxecto (xa adxudicado este) é de 697.691,08€, a parte que se debe cubrir con fondos propios é de 289.917,23€. Dado que o Pleno municipal aprobou na sesión ordinaria do mes de marzo un suplemento de crédito por importe de 130.239,11 destinado a este fin, resulta necesario completar o crédito orzamentario.

Considerando que por Decreto do 27/04/2023 aprobouse a a Liquidación do exercicio 2022 que recolle un Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTT-RTGFA) por importe de 156.824,81€

Tomando en consideración o arriba exposto propónse ao Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do Orzamento Municipal para o exercicio 2022, prorrogado para 2023, consistente na xeración dun suplemento de crédito por importe total de 156.824,81€ no concepto de ingresos 870.00 e na partida de gastos 320/622.00 (PIREP, reforma integral Escola de Cacheiras), con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da Liquidación do exercicio 2022.

Segundo.- Expoñer a citada modificación do Orzamento ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación do orzamento entenderase aprobada definitivamente, e será insertada no Boletín Oficial da Provincia”

O sr. alcalde explica que a urxencia ven motivada polos prazos de execución da obra, xa que a licitación terá que facerse o mes que entra e resulta preciso ter crédito.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do Orzamento Municipal para o exercicio 2022, prorrogado para 2023, consistente na xeración dun suplemento de crédito por importe total de 156.824,81€ no concepto de ingresos 870.00 e na

partida de gastos 320/622.00 (PIREP, reforma integral Escola de Cacheiras), con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da Liquidación do exercicio 2022.

Segundo.- Expoñer a citada modificación do Orzamento ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, a modificación do orzamento entenderase aprobada definitivamente, e será insertada no Boletín Oficial da Provincia.

8.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DA IGREXA – CALO.

O sr. alcalde da conta da proposta de 12 de maio de 2023, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 16 de maio de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a solicitude de desafectación dun tramo do camiño de acceso ao Cemiterio Parroquial de San Xoán de Calo, presentada no Concello por D. Abel Barros Rodríguez, en representación, como presidente, da Fundación Cemiterio parroquial San Xoán de Calo, e a documentación complementaria que a acompaña, entre a que se atopa o Informe de validación gráfica realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Juan Carlos Vilariño Santos (rex. entrada nº 1530, de 17/04/23).

Considerando que, tal e como se desprende da documentación aportada e contrastada polos Servizos Técnicos municipais, existe unha inconsistencia entre os planos da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo (na que o citado camiño non existe, pois forma parte da finca 666, hoxe propiedade do Cemiterio Parroquial San Xoán de Calo) e os títulos de propiedade da propia Concentración Parcelaria de todas as parcelas da zona e mesmo coas inscricións no Rexistro da Propiedade de Padrón (documentación na que existe o mencionado camiño e queda perfectamente delimitado).

Considerando que a proposta presentada pretende adaptar a realidade existente aos títulos de propiedade e ás inscricións no Rexistro da Propiedade de Padrón, ao tempo que se pretende a desafectación dun pequeno tramo de camiño, sen prexuízo de

terceiros, que, posteriormente, poida ser incorporado mediante o oportuno procedemento á finca titularidade do Cemiterio Parroquial San Xoán de Calo, dando así consistencia á propiedade e usos das propiedades afectadas.

Considerando que no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, no tramo de camiño que se pretende desafectar, a diferenza do que ocorre no resto do camiño, non se delimita liña de edificación, polo que a desafectación do tramo non xera prexuízos urbanísticos a terceiros afectados.


Considerando que o tramo do camiño en cuestión, dada a súa ubicación, non se utiliza para o uso público inherente ao mesmo, polo que non parece necesario manter o citado uso, ao tratarse dun tramo de camiño que só leva á propiedade do Cemiterio.

Considerando que, de acordo coa proposta presentada e as consideracións arriba expostas, preténdese desafectar o tramo do camiño para, posteriormente, unha vez que adquira natureza patrimonial, efectivizar un mecanismo que permita ao Cemiterio de Calo adquirir a súa propiedade.

Considerando que, segundo a normativa aplicable, no expediente de desafectación dun ben de dominio público haberá de acreditarse a súa oportunidade e legalidade e tendo en conta que, de acordo co exposto, concorre e queda acreditada no expediente a oportunidade da desafectación proposta, xa que permite regularizar os usos público/privados da zona en consistencia co definido no PXOM, articulando un circuíto de entrada e saída neste equipamento comunitario, relevante na medida en que o Cemiterio de San Xoán de Calo cumpre cun importante fin social con case 1000 familias asociadas.

Consultados os servizos técnicos municipais, á vista do anterior, resultando conveniente proceder á desafectación, en virtude do exposto, e segundo os artigos 22.2l), 81 e 47.2 n) da LRBRL, artigo 8 do RBEL e artigo 269 da LALGA, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación do tramo do camiño público proveniente da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo, de 184m², segundo o detalle que se grafía de seguido:



Segundo.- Someter o expediente a información pública, durante un mes, mediante a inserción do anuncio no BOP, no taboleiro de edictos, na web municipal e na sede electrónica, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes”.

O sr. alcalde sinala que, como se explicou nas Comisións Informativas, trátase do inicio dun proceso que vai a ser longo pero que vai a clarificar a situación.

Preguntado polo sr. alcalde, os grupos municipais non fan uso das súas respectivas quendas de intervención.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a desafectación do tramo do camiño público proveniente da Concentración Parcelaria de San Xoán de Calo, de 184m², segundo o detalle que se grafía de seguido:



Segundo.- Someter o expediente a información pública, durante un mes, mediante a inserción do anuncio no BOP, no taboleiro de edictos, na web

municipal e na sede electrónica, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

Preguntado polo sr. alcalde, non se formula ningún rogo nin pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

33252651X
RAFAEL CARLOS
SISTO (R:
P1508300I)

Firmado digitalmente
por 33252651X RAFAEL
CARLOS SISTO (R:
P1508300I)
Fecha: 2023.06.06
13:08:06 +02'00'

Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria

Firmado por
VIRGINIA FRAGA
DÍAZ -
***6770** el
día 06/06/2023
Virginia Fraga Díaz

ANEXO I
PLAN INTEGRAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA 2023-2027 DO CONCELLO DE
TEO

IX CONVOCATORIA DE RECOÑECIMIENTO DE CIDADES AMIGAS DA
INFANCIA. UNICEF COMITÉ ESPAÑOL

PLAN INTEGRAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA 2023-2027



Ignacio Iglesias Villar
Concelleiro de Benestar.
ignacioiglesias@teo.gal

Eva López Soto
Técnica de Servizos Sociais Comunitarios.
evalopez@teo.gal / 630504106

Índice

1. AGRADECIMENTOS.....	3
2. INTRODUCCIÓN.....	4
3. REFERENTES.....	6
Estratéxicos.....	6
Normativos.....	10
Conceptuais.....	12
4. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O CONCELLO DE TEO.....	16
6. DEFINICIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN.....	51
7. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN.....	56
8. EXECUCIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.....	62
9. INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PLAN.....	63
10. RECURSOS.....	75
11. ORGANIGRAMAS.....	76

1. AGRADECEMENTOS

O concello de Teo quere mostrar o seu agradecemento a todas as persoas e institucións que participaron directa ou indirectamente na elaboración deste Plan Integral de Infancia e Adolescencia sen as cales esta iniciativa non sería posible.

Especialmente queremos destacar o agradecemento ás persoas que participan e compoñen o FoPIA (Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia), o CLIA (Consello Local da Infancia e a Adolescencia), a Mesa de Coordinación Interna e a Mesa de Coordinación Externa.

Ás persoas técnicas e con responsabilidades políticas das diferentes áreas e departamentos do concello de Teo involucradas nesta iniciativa, pola súa dedicación, motivación e implicación.

A todos os centros de ensino que participaron no proxecto, pola súa implicación e confianza, ao seu profesorado, ANPAS e familias dos nenos e das nenas que fomentaron e facilitaron a súa participación.

Ao persoal de UNICEF Comité Galicia, por todos os seus azos e apoio.

E, por suposto, a todas as nenas e nenos que colaboraron co concello de Teo desde o momento en que se presentou a idea e que son as verdadeiras protagonistas deste Plan.

Grazas a todas, todos e todes por participar e apoiar esta obra colectiva para continuar facendo do concello de Teo un territorio amigo da infancia e a adolescencia.

2. INTRODUCCIÓN

O concello de Teo pretende afianzar as políticas locais que se veñen desenvolvendo no municipio ao redor dos dereitos da infancia e a adolescencia, coa finalidade de mostrar o seu interese e implicación en todo o que atinxe as persoas menores de idade como suxeitos de pleno dereito no marco do establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Por iso, presenta este Plan Integral de Infancia e Adolescencia, que se desenvolve ao redor de tres eixos fundamentais:

- I. Garantir a protección, a prevención e a promoción dos dereitos da infancia e a adolescencia, afondando en como detectar e tratar posibles casos de nenos, nenas e adolescentes en situación socio-familiar vulnerable, e como prevelos desde a promoción dos seus dereitos ao considerar que son a base na que se sustenta a súa protección.
- II. Facer efectiva a participación na elaboración deste Plan e no seu correspondente desenvolvemento, tanto dos axentes sociais que teñen relación coas persoas menores de idade, como da propia infancia e adolescencia de Teo xa que consideramos as persoas menores suxeitos activos no seu medio persoal e social.
- III. Dar visibilidade ás actividades e políticas locais que se están a facer en Teo en favor da infancia e a adolescencia, promovendo o interese social por manter e conservar as dinámicas de participación infantil e xuvenil, reavivando a relación entre os distintos axentes sociais implicados.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta as diferentes estruturas de participación social establecidas en Teo: o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) e o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA), que actuaron como plataforma que recolle e reflicte as expectativas das entidades públicas ou privadas que operan en Teo, dos propios nenos, nenas e adolescentes que viven no noso concello e, en definitiva, de toda a sociedade.

Consideramos que ninguén mellor que as persoas menores de idade para nos axudaren a coñecer as súas necesidades e a mellorar a calidade de todo o que se fai neste concello para asegurar o seu benestar e o seu protagonismo á hora de exercer os seus dereitos e responsabilidades como cidadáns e cidadás, polo que destacamos especialmente a súa participación na elaboración do Plan.

O diagnóstico participativo axudou a sentar as bases deste plan e definir os seus **obxectivos xerais**, resumidos en seis puntos principais:

1. **Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia.** Búscase estender a participación das nenas e nenos a todos os campos en que fose necesario e posible, contando co compromiso do concello de manter abertas as canles de participación infantil e xuvenil.
2. **Racionalizar a planificación das estruturas educativas.** Con este punto faise fincapé na mellora dos centros de ensino e da situación do alumnado, incidindo na planificación educativa.
3. **Fortalecer unha rede comunitaria que actúe como factor de prevención da saúde mental na infancia e adolescencia.** Cada vez son máis as persoas menores de idade que teñen problemas de saúde mental, polo que se necesita manter e crear programas de prevención, intervención e recursos específicos.
4. **Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.** Ao redor da preocupación polo medio ambiente a sostibilidade, preténdese xerar unha maior concienciación e implicación social para avanzar cara un modelo de desenvolvemento máis sostible, loitando contra o cambio climático e polo benestar humano e do medio.
5. **Garantir o acceso á vivenda.** A situación de dificultade de acceso á vivenda é unha realidade no noso concello, con falta de vivenda pública e elevados custes de alugueiro. Ademais, na zona do Carballal existen bloques de infravivenda, onde viven menores en deficientes condicións de habitabilidade.
6. **Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.** A configuración xeográfica, urbana e social de Teo, fai que se requiran solucións diversas para atender as especificidades deste territorio, vinculando á mocidade co territorio.
7. **Manter e crear actividades de ocio e espazos de lecer específicos para adolescentes.** Búscase ampliar e diversificar a oferta lúdica e cultural do municipio, mellorando as instalacións e equipamentos, así como tamén pensando en crear recursos lúdicos específicos para adolescentes e espazos de lecer compartidos.

Rafael Sisto Edreira, alcalde do concello de Teo

3. REFERENTES

O marco de referencia do Plan Integral de Infancia e Adolescencia do concello de Teo son as normativas, plans e estratexias de rango internacional, nacional, autonómico e local que se veñen propoñendo nos últimos anos a respecto das políticas máis avanzadas en favor da infancia.

Estratéxicos

En maio de 2002, os Xefes de Estado e de Goberno e as persoas representantes dos Estados participantes no período extraordinario de sesións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre a infancia, subscribiron unha Declaración e un Plan de Acción a nivel mundial contida no documento: “Un mundo apropiado para os Nenos e as Nenas”, no que se recolle o compromiso dos gobernos para aplicar este plan e para considerar a posibilidade de adoptar medidas para pór en práctica leis, políticas e plans de acción nacionais eficaces e asignar recursos para realizar e protexer os dereitos dos nenos e das nenas así como asegurar o seu benestar.

Por outra parte, o II Plan Estratéxico Nacional de Infancia e Adolescencia supón un importante referente para aqueles que se elaboren posteriormente. Tamén a Estratexia de Erradicación da Violencia contra a infancia e adolescencia, que parte da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección á infancia e adolescencia fronte á violencia, é un punto fundamental como marco de referencia. Así como tampouco podemos deixar fóra dos nosos referentes o recentemente aprobado Plan de Acción Estatal para a Implementación da Garantía Infantil Europea (2022-2030).

Tampouco podemos deixar atrás un piar fundamental como son os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), aprobados por todos os Estados Membros das Nacións Unidas en 2015, co fin de eliminar a pobreza, reducir a desigualdade e lograr unhas sociedades máis pacíficas e prósperas para 2030. Estes ODS non se poden alcanzar se non se respectan os dereitos das persoas menores de idade:

1. **Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo:** A pobreza priva aos nenos e nenas do seu dereito fundamental á nutrición, a auga, a educación, a protección e a vivenda, entre outros, e reduce a súa capacidade de construír un futuro mellor. Se non hai unha intervención a escala mundial, o máis probable é que a pobreza infantil agrave a desigualdade social e prive aos nenos e nenas máis vulnerables dos servizos que necesitan para sobrevivir e prosperar.

2. **Poñer fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e mellorar a nutrición, e promover a agricultura sustentable:** A nutrición óptima é a base da supervivencia, a saúde e o desenvolvemento dos nenos e nenas. A rapazada que está ben alimentada é máis capaz de crecer e aprender, de participar nas súas comunidades e de resistir fronte ás enfermidades, os desastres e outras situacións de emerxencia.
3. **Garantir unha vida sa e promover o benestar para todos e todas en todas as idades:** Na actualidade hai máis poboación infantil que nunca que sobreviven e, non obstante, só en 2018 faleceron 6,2 millóns de nenos, nenas e adolescentes, a maioría por causas que se poden prever.
4. **Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos e todas:** Na actualidade hai máis nenos, nenas e adolescentes que nunca matriculados na educación preescolar, primaria e secundaria. E en xeral, o número de mulleres e homes que asisten á escola é case igual. Con todo, en moitos casos, estar escolarizado non significa aprender. O progreso para mellorar o acceso á educación e a calidade do ensino non foi homoxéneo en todo o mundo. Asegurar que todos os nenos e nenas poidan asistir á escola e aprender é fundamental para combater a pobreza, prever a enfermidade e construír sociedades máis resistentes e pacíficas.
5. **Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas:** As normas de xénero nocivas maniféstanse de distintas formas; algúns exemplos son o abandono escolar para asumir responsabilidades no fogar, o matrimonio forzoso, ou a violencia inflixida por razón de xénero. As disparidades de xénero poden comezar ao nacer, e aumentan a medida que o neno ou a nena crecen.
6. **Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sustentable e o saneamento para todos e todas:** A contaminación da auga e o saneamento deficiente son dous das principais causas de morte de menores de 5 anos. Sen uns servizos adecuados de auga, saneamento e hixiene (WASH), os nenos e nenas corren un maior risco de contraer enfermidades e de padecer problemas graves de saúde como a malnutrición e o atraso no crecemento. A falta de saneamento e hixiene tamén socava o progreso noutras esferas do desenvolvemento, como a educación e a igualdade de xénero.
7. **Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sustentable e moderna para todos e todas:** Cada ano morren

máis de medio millón de menores de 5 anos por causas relacionadas coa contaminación atmosférica. E outros tantos máis sufrirán danos irreversibles que afectarán o desenvolvemento do seu cerebro e os seus pulmóns. O acceso á enerxía alcanzable e limpa é fundamental para o crecemento e o benestar dos nenos e nenas. E os beneficios que se derivan da enerxía renovable non se limitan só á saúde física, pois ademais de previr as emisións tóxicas, a enerxía renovable fai posible dotar de iluminación e conectividade a zonas onde non hai redes de subministración eléctrica. Isto facilita a educación ao facer que sexa posible cociñar para os nenos e nenas na escola e cargar lanternas solares para que poidan estudar.

8. **Promover o crecemento económico inclusivo e sustentable, o emprego e o traballo decente para todos e todas:** Actualmente o índice de desemprego entre a mocidade é do 13%, tres veces maior que entre os adultos. Se non investimos urxentemente en educación e capacitación, a maior parte desta poboación de mozas que aumenta a gran velocidade, prevese que chegue aos 2.000 millóns para 2030, carecerá da cualificación necesaria para competir no mercado laboral.
9. **Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable e fomentar a innovación:** Aproximadamente 4.000 millóns de persoas carecen de conexión a internet, e case unha terceira parte delas teñen entre 18 e 24 anos. Esta crecente poboación de persoas novas corre perigo de quedar atrasada e excluída do moderno mundo dixital e do uso de tecnoloxías que poderían mellorar as súas vidas de forma drástica.
10. **Reducir a desigualdade en e entre os países:** O progreso na tarefa de erradicar a pobreza foi desigual. A pobreza é tan só una das razóns que poden facer que se exclúa aos nenos e nenas da atención e os servizos básicos; tamén se lles exclúe en todo o mundo debido á discriminación baseada no xénero, a discapacidade, o idioma e a etnia. A marxinación que afecta a estes grupos fai difícil que poidan gozar do progreso e escapar á pobreza.
11. **Lograr que as cidades sexan máis inclusivas, seguras, resilientes e sustentables:** A metade da poboación infantil de todo o mundo vive en zonas urbanas, e prevese que esta cifra alcance o 70% para mediados de século.
12. **Garantir modalidades de consumo e produción sustentables:** As tendencias actuais de consumo e produción continúan xerando residuos tóxicos e esgotando valiosos recursos naturais. A pesar de que os nenos e nenas son os menos responsables da degradación

ambiental, serán eles quen soporten a carga peor de consecuencias, principalmente en forma de problemas de saúde e crecemento.

13. **Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos:** O cambio climático constitúe unha ameaza directa á capacidade dos nenos e nenas para sobrevivir, crecer e prosperar. Preto do 90% da carga de morbilidade atribuíble ao cambio climático recae nos nenos menores de 5 anos. Hoxe, por vez primeira, unha xeración mundial de crianzas crecerá nun mundo que se tornou moito máis perigoso e incerto como consecuencia do clima cambiante e da degradación do medio ambiente.
14. **Conservar e utilizar de forma viable os océanos, os mares e os recursos mariños para un desenvolvemento sustentable:** Actualmente 530 millóns de nenos e nenas viven en zonas que presentan unha elevadísima incidencia de inundacións; e 1 de cada 4 nenos vivirán en zonas de seca extrema para 2040. As repercusións do cambio climático fanse sentir en todo o mundo. Para moitos nenos e nenas, os cambios no clima maniféstanse por medio de cambios na auga.
15. **Protexer, restaurar e promover o uso sustentable dos ecosistemas terrestres; xestionar sostiblemente os bosques; combater a desertificación; deter e investir a degradación das terras, e deter a perda de biodiversidade:** A degradación do chan, xunto á perda de bosques, de especies e de biodiversidade, está estreitamente vinculada co cambio climático e representa unha grave ameaza á capacidade dos nenos para sobrevivir, crecer e progresar.
16. **Promover sociedades xustas, pacíficas e inclusivas para un desenvolvemento sustentable, brindar acceso á xustiza para todos e todas e fomentar institucións eficaces, responsables e inclusivas en todos os niveis:** Ningún neno ou nena debería sufrir xamais actos de violencia, malos tratos ou abandono, e con todo, millóns de nenos e nenas en todo o mundo seguen sendo vítimas da violencia nos seus fogares, as súas escolas, as súas comunidades e na rede. Os nenos e nenas desarraigadas por causa de conflitos e desastres son particularmente vulnerables a certas modalidades de violencia como o traballo infantil e outras formas de explotación. A violencia presenta diversas formas, pode ser de índole emocional, física ou sexual, e os seus efectos poden durar toda a vida. O feito de que un neno ou nena presencie ou sufra un acto de violencia socava a súa saúde, o seu benestar e o seu potencial. Os gobernos poden proporcionar a primeira liña de defensa aos nenos e nenas que están en perigo mediante os sistemas de inscrición do nacemento, que

establecen o dereito dos nenos e nenas aos servizos sociais básicos, a uns sistemas de xustiza equitativos e a outras formas de protección da infancia.

- 17. Fortalecer os medios de execución e revitalizar a alianza mundial para o desenvolvemento sustentable:** As alianzas revisten unha importancia fundamental á hora de lograr resultados para cada neno e nena.

A nivel autonómico cómpre facer referencia á Estratexia galega para a infancia e adolescencia 2018-2020, que forma parte da planificación global e da execución das políticas públicas de carácter social. Á súa vez, coherente co Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020, unha estratexia transversal que afecta a varios obxectivos estratéxicos: enmarcándose fundamentalmente no benestar das persoas e as familias e cohesión social; na prioridade de actuación ao redor da mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación; e no obxectivo estratéxico de garantir o dereito de todos os e as menores a vivir en familia e contribuír á revitalización demográfica e ás condicións que favorezan a natalidade.

A nivel local, o Plan de Infancia do concello de Teo colleu como referencia o anterior plan do propio municipio elaborado e aprobado en 2018, ademais de outros plans de infancia de diferentes concellos galegos e doutras Comunidades que se aprobaron e aplicaron en anos precedentes.

Unha inspiración á parte constitúena iniciativas de ámbito estatal como o Programa Cidades Amigas da Infancia, de UNICEF.

E, por último, hai que dicir que o Plan Integral de Infancia e Adolescencia de Teo colle como referencia imprescindible a experiencia acumulada polas institucións públicas e privadas que traballan no noso municipio en favor dos dereitos da infancia e o bo facer e o compromiso que veñen demostrando as persoas que traballan en todas elas.

Normativos

O ordenamento xurídico existente tanto a nivel internacional, estatal como autonómico desenvólvese a partir dun principio primordial como é a concepción das persoas menores de idade como suxeitos activos, participativos e creativos, con capacidade de modificar o seu propio medio persoal e social; de participar na procura e satisfacción das súas necesidades e na satisfacción das necesidades dos outros.

Con base en todo isto existe un amplo desenvolvemento lexislativo que de maneira resumida citamos a continuación:

- **Internacionais**

- Declaración dos Dereitos do Neno, proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 1.386 (XIV), do 20 de novembro de 1959.
- Convención sobre os dereitos da infancia, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada por España o 30 de novembro de 1990.
- Carta Europea sobre os Dereitos da Infancia. Resolución A-0172/92. Diario Oficial das Comunidades Europeas, 8 de xullo de 1992.
- Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, ratificado por España en 1995.
- Convenio sobre protección de menores e cooperación en materia de adopcións internacionais.
- Sesión especial das Nacións Unidas sobre Infancia, maio de 2002.
- Convención do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos de 2009.
- Convenio da Haia relativo á competencia, á lei aplicable, ao recoñecemento, á execución e á cooperación en materia de responsabilidade parental e de medidas de protección dos nenos, ratificado por España en 2010.
- Convenio Europeo en materia de adopción de menores, aprobado en Estrasburgo o 27 de novembro de 2008 e ratificado por España en 2010.

- **Estatais**

- Constitución española de 1978, cuxo capítulo III do Título I fai referencia á obriga dos Poderes Públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e no seu seo, con carácter singular, a dos nenos e das nenas.
- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de enxuzamento civil.
- Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección á infancia e adolescencia fronte á violencia.

- Estratexia nacional de erradicación da violencia sobre a infancia e adolescencia 2023-2030.
- **Autonómicos**
 - Estatuto de Autonomía.
 - Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia que lle asigna ás entidades locais responsabilidade na prestación de servizos sociais, así como na execución de programas destinados á infancia e á mocidade.
 - O Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.
 - O Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
 - Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
 - Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
 - Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
 - Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
 - A Lei 6/2012, do 19 de xullo, de xuventude de Galicia.
 - A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
 - O Decreto 192/2015, do 29 de outubro de 2015 , polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.
 - O Decreto 12/2023, do 19 de xaneiro de 2023, polo que se crea e regula o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia.

Conceptuais

Este Plan colle como base conceptual os principios da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Nena e pretende promover a abordaxe transversal e multidisciplinar da atención á infancia e á adolescencia mediante a coordinación efectiva dos distintos axentes implicados na garantía, promoción e defensa dos dereitos da infancia que operan no noso territorio.

O Plan Integral de Infancia e Adolescencia de Teo vai dirixido a todos os nenos e nenas, entendendo como tales todas as persoas menores de idade, de acordo co previsto no artigo 12 da Constitución española e no

artigo 1 da Convención sobre os Dereitos da Infancia, na que se afirma textualmente que se entende por neno e nena todo ser humano menor de dezoito anos de idade.

Principios Básicos:

1. O principio de **interese superior de nenas e nenos**, mediante o que se asegura que o interese da infancia deberá prevalecer sobre calquera outro interese lexítimo. A aplicación deste principio ha de asegurar a protección e o coidado que precisan os nenos e as nenas para o seu desenvolvemento e benestar, pasando, excepto circunstancias especiais que o impidan, polo dereito do ou da menor a medrar e a educarse na súa contorna familiar e social.
2. O principio de **non discriminación**, de acordo co que todos os dereitos deben ser aplicados a todos os nenos e nenas sen distinción algunha. A aplicación deste principio supón:
 - Promover a **igualdade social**, establecendo mecanismos preventivos, compensadores de situacións de risco. Especial relevancia teñen os aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades e a inclusión social, procurando accións positivas e evitando á súa vez actuacións que etiqueten e segreguen determinadas persoas ou colectivos.
 - Manter un enfoque de **xénero**, fomentando unha educación e formación non sexista e perseguindo unha participación equitativa na toma de decisións de nenas e nenos.
3. O principio de **participación** expón a formación de nenas e nenos na participación libre e responsable. Teñen dereito a asumir un papel activo e protagonista na súa comunidade, e deben ofrecérselles oportunidades de participación real na sociedade a través de estruturas propias e non imitativas das das persoas adultas e que lles permitan asumir as súas responsabilidades e exercer os seus dereitos.

Criterios de actuación:

Na elaboración deste Plan Integral, ademais, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- **Globalidade**, tentando coordinar as diferentes áreas de actuación coa infancia e coa adolescencia e contemplando o conxunto de necesidades deste sector de poboación.
- **Análise-Planificación-Avaliación**, examinando a situación e os recursos actuais, definindo obxectivos e medidas e contemplando a valoración da idoneidade das actuacións que o Plan propuxese.

- **Racionalidade**, co dobre obxectivo de rendibilizar os recursos existentes mediante unha xestión coordinada dos mesmos e evitar as duplicidades e solapamentos dos programas e actuacións.
- **Transversalidade**, contrastando os puntos de vista e as experiencias dos diferentes axentes e servizos presentes no territorio, acordando un punto de partida e uns obxectivos comúns.
- **Integralidade**, entendendo os nenos e as nenas como un todo, analizando a multiplicidade de aspectos que afectan á súa vida cotiá e atendendo interrelacionalmente o conxunto das súas necesidades físicas, afectivas e sociais.

Por último, o Plan Integral de Infancia e Adolescencia do concello de Teo incorpora no seu marco conceptual o documento **“Construíndo Cidades Amigas da Infancia”, de UNICEF**. Neste texto identifícanse os alicerces básicos para construír un sistema local de goberno comprometido no cumprimento dos dereitos da infancia: estruturas e actividades que son necesarias para involucrar os nenos e as nenas nun movemento activo, asegurar a perspectiva de dereitos da infancia en todos os procesos de toma de decisións e asegurar un acceso igualitario aos servizos básicos. O proceso de construción dunha Cidade Amiga da Infancia non só demanda compromisos políticos, senón tamén accións concretas a través de todo o goberno local.

Este proceso de construción é sinónimo da aplicación da Convención sobre os Dereitos da Infancia no escenario municipal. O programa inclúe nove elementos que este Plan incorpora como propios:

1. **Participación infantil**: promovendo a implicación activa dos nenos e das nenas nos asuntos que lles afectan; escoitando os seus puntos de vista e tomándoos en consideración nos procesos de toma de decisións.
2. **Un marco legal amigo da infancia**: asegurando unha lexislación, un marco regulamentario e procedementos que sexan consecuentes coa promoción e a protección dos dereitos de toda a infancia.
3. **Unha estratexia de dereitos da infancia para todo o municipio**: desenvolvendo unha estratexia ou unha axenda detallada e exhaustiva para construír unha Cidade Amiga da Infancia, baseada na Convención.
4. **Unha comisión de dereitos da infancia ou un mecanismo de coordinación**: desenvolvendo estruturas permanentes no

gobierno local que garantan unha consideración prioritaria á perspectiva da infancia.

5. **Análise e avaliación do impacto na infancia:** garantindo que existe un proceso sistemático que analice e avalíe o impacto das leis, das políticas e das prácticas sobre a infancia: previo, durante e posterior á súa aplicación.
6. **Un orzamento para a infancia:** garantindo o compromiso adecuado sobre os recursos e a análise dos orzamentos dirixidos á infancia.
7. **Un informe periódico sobre o estado da infancia:** garantindo a recollida de información e o adecuado seguimento sobre o estado da infancia así como dos seus dereitos.
8. **Dar a coñecer os dereitos da infancia:** garantindo a sensibilización sobre os dereitos da infancia entre as persoas adultas e os nenos e nenas.
9. **Avogacía independente para a infancia:** apoiando ás ONG,s e desenvolvendo institucións independentes de dereitos humanos que promovan os dereitos da infancia.

4. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE O CONCELLO DE TEO

Xeografía e localización

Teo é un concello de 18.918¹ habitantes que forma parte da comarca de Santiago. O municipio abrangue un total de 80 km² e limita polo norte con Ames e Santiago de Compostela; polo sur, con Padrón e A Estrada; polo leste con Vedra; e polo oeste con Brión e Rois.

O municipio abrangue un total de 80 km² e presenta suaves pendentes que descenden progresivamente desde a zona norte e oeste. Este descenso ten a súa orixe na Pena Agrela (410 metros de altura), no Alto de Montouto (339 m) e no monte Pulga (373 m) e remata a menos de 100 metros sobre o nivel do mar ao chegar ao val do Ulla.

Desde o punto de vista da xeoloxía, o concello de Teo érguese, nas zonas máis baixas, sobre estratos de materiais duros (xistos, lousas e granitos) e rochas sedimentarias. É o caso dos vales do Ulla ou de Santa Lucía. Nas zonas máis altas, no norte e oeste do concello, predominan superficies de erosión herdeiras de antigos macizos erosionados e que hoxe en día forman unha sucesión de ondulacións con resaltes graníticos nas alturas comprendidas entre os 300 e os 400 metros.

O curso dos ríos que cruzan o concello fan que a estrutura do terreo de Teo sexa alombada. O conxunto fluvial teense está formado polos ríos Santa Lucía, Tella, Rego do Chao (todos eles afluentes do Ulla) e polo río Tinto (afluente do Sar). No caso do Ulla, este río discorre polo terreo con dirección leste-oeste e amosa un encaixamento máis marcado no linde occidental do concello, mentres que no lugar onde recibe o Santa Lucía ábrese unha ampla chaira colmada de sedimentos terciarios e cuaternarios.

No relativo ao clima, Teo encádrase no dominio oceánico hiperhúmido. As temperaturas son suaves, matizadas pola presenza do val do Ulla no sur e pola altitude das áreas setentrionais. A temperatura media anual sitúase entre os 13 e os 14°C, reducíndose no período do inverno a 7-9°C. As precipitacións son elevadas, especialmente no norte do termo municipal, xa que se trata dunha zona exposta directamente á entrada de masas húmidas. Ao ano prodúcese entre 1700 e 1800 mm de auga.

Breve historia

A división territorial de Teo non sempre foi tal e como a coñecemos hoxe. Durante o período do Antigo Réxime, as parroquias actuais do concello estaban integradas en tres xurisdicións:

1 Segundo datos facilitados polo [INE](#) (actualizados en 2022).

- Xurisdición do Xiro da Rocha: Calo, Cacheiras, Luou, Oza, Rarís, Recesende e Reis.
- Xurisdición de Veá: Bamonde, Lucí, Vilariño e Teo.
- Xurisdición de Quinta: Lampai.

Estas tres xurisdicións integrábanse no Señorío do Arcebispado de Santiago de Compostela. Coa constitución dos primeiros concellos no segundo período liberal (1820-1823) a maior parte do territorio hoxe ocupado por Teo coñecíase co nome de Oza, pertencente ao partido xudicial de Sar, figurando nos repartimentos da Deputación de Galicia, por entón única.

A volta de Fernando VII ao Absolutismo en 1823 supuxo a disolución dos concellos constitucionais e o regreso ao Antigo Réxime. Coa división provincial en 1822² nas que hoxe coñecemos como as catro provincias galegas, o concello de Oza seguiu a formar parte do partido xudicial de Sar pero, desde ese momento, dependente en canto á imposición da Deputación da Coruña.

Xa co nome de concello de Teo, en 1834 o municipio integrouse no partido xudicial de Padrón. Un ano máis tarde³, xurdiu unha nova división municipal da que naceu o concello de Teo e o seu termo; e no 1836 o concello de Teo quedou definitivamente integrado por 13 parroquias:

1. Bamonde
2. Cacheiras
3. Calo
4. Lampai
5. Lucí
6. Luou
7. Os Tilos
8. Oza
9. Rarís
10. Recesende
11. Reis
12. Teo
13. Vilariño

² Decreto LIX das Cortes do 27 de Xaneiro de 1822 que establece na provincia única de Galicia catro novas provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.

³ Cos proxectos de desenvolvemento do R.D. de 23 de Xullo de 1835, segundo a Lei de Reforma Administrativa promovida por Javier de Burgos onde se deseñan as provincias e concellos que se manteñen na actualidade.

Nas últimas décadas o concello experimentou un incremento da poboación nos núcleos máis urbanos, nos corredores de Cacheiras e Calo. Aínda así, en Teo seguen a ter unha grande importancia as parroquias máis rurais.

O patrimonio natural, histórico e artístico

O patrimonio do concello de Teo preséntase rico e diverso e abrangue:

- Recursos naturais, ecolóxicos e paisaxísticos, entre os que destacan os leitos fluviais (o sistema fluvial Ulla-Deza, integrado na Rede Galega de Espazos Protexidos), as masas arbóreas (con numerosas carballeiras e soutos), miradoiros (da Agrela e da Pena Escorredía), etc.
- Arquitectura de pontes (a ponte de Pontevea, a ponte romana de Paradela...), de hórreos (hórreo de Caxade, da reitoral de Luou, de Santa María de Teo, do Casal, de Gondelle...), muíños, pombais, lavadoiros (da Florida, de Noceda, de Requián...), fontes (a Burga da Laña, de Santa Margarida en Loureiro, das Barreiras...), cruceiros (o adro de Teo, o cruceiro de Francos...), igrexas (San Simón de Ons, San Xoán de Calo, San Xoán de Recesende...) etc.
- Arqueoloxía de diversas épocas: megalitismo (mámoas de Trasellas, mámoas de Barreiras, mámoas da Zapateira...), Idade do Bronce (na Pena Bicuda de Loureiro), cultura castrexa (castro de Socastro, de Sebe, de Lucí, de Rarís...), romanización (marco da Potra, restos romanos de Mouromorto), medievo (marco da Agrela, Camiño Real de Iria...) e industrial (fábrica de curtidos da Granxa, Real Fábrica de Papel do Faramello, Dehesa Real de Coto...).
- Festas populares, entre as que destacan os Xenerais do Ulla (celebrada en Oza e cuxa orixe se atopa na Guerra da Independencia contra os franceses, na primeira metade do S.XIX), a Feira Cabalar de San Martiño (celebrada o día do San Martiño, o 11 de novembro, no lugar de Francos, na parroquia de Calo) ou a Batalla de Cacheiras.

Situación demográfica

Teo ten unha poboación de 18.918 persoas, das cales 9.681 son mulleres (51,17%) e 9.237 son homes (48,83%) segundo os datos do INE de 2022. A súa evolución demográfica amosa un incremento nas últimas décadas, especialmente desde 1998 até 2012.

A poboación censada en Teo menor de idade, é dicir, entre os 0 e os 18 anos, foi no 2022 dun total de 3.232 persoas, o que supón un 17,08% da poboación total do municipio, segundo os datos do IGE. A distribución por

sexos sería a seguinte: 1.607 mulleres (49,72%) e 1.625 homes (50,28%). A seguir podemos ver unha táboa da poboación de 0 a 18 anos, por idade e por sexo (2022):

	Idade																		
	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
Mulleres	62	60	55	65	65	71	73	78	85	112	99	96	74	113	114	100	96	87	102
Homes	65	49	54	57	77	83	91	86	99	81	92	96	90	94	93	110	112	92	104
Total	127	109	109	122	142	154	164	164	184	193	191	192	164	207	207	210	208	179	206


No ano 2021 houbo un total de 132 nacementos no concello de Teo e a taxa de natalidade en era de 6,97, sendo a idade media de maternidade de 33,35 anos e o número medio de crianzas por muller de 1,24.

Tamén hai que ter en conta o número de defuncións dese mesmo ano, 179, o que indica un saldo vexetativo no concello negativo de -47. Por outra banda, o índice de envellecemento do concello, no ano 2022, situábase en 116,1, sendo a media galega de 167,26.

En canto á poboación migrante, o número total de persoas residentes en Teo nadas no estranxeiro no ano 2021 era de 85 persoas, sobre un total de 876 persoas inmigrantes e unha taxa de inmigración de 46,42. Como datos xerais relativos á presenza de poboación estranxeira no concello de Teo, convén destacar que en 2021 a porcentaxe de poboación estranxeira era de 2,04% (1,62 homes e 2,44 mulleres), segundo os datos do IGE referidos a poboación estranxeira.


Datos socio-económicos

O concello de Teo contaba en xaneiro de 2023 cun total de 7.875 persoas afiliadas en alta laboral, das que 3.834 eran mulleres e 4.041 eran homes, segundo os datos recollidos do IGE, sendo os empregos máis desenvolvidos en Teo os do sector servizos e ocupación da poboación quedaría representada por sectores na seguinte gráfica:



A taxa de paro do concello situouse no mes de marzo de 2023 en 749 persoas paradas, das cales 306 foron homes (40,85%) e 443 mulleres (59,15%), segundo os datos do Boletín mensual de paro da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia⁴.

A nivel empresarial, o Instituto Nacional de Estadística (INE) recolle que en 2022 o número total de empresas en funcionamento era de 1.386, repartidas da seguinte maneira por sectores:



Recursos educativos

O concello de Teo conta cun total de nove centros escolares (8 públicos e 1 privado) de diferentes niveis de escolaridade, destinados a crianzas e adolescentes entre 0 e 18 anos:

- Escolas Infantís Municipais (EIM):
 - EIM dos Tilos.
 - EIM de Calo.
 - EIM da Ramallosa.
- Centros de Educación Infantil e Primaria:
 - CEIP de Calo.
 - CEIP Os Tilos.
 - CEIP A Ramallosa.
- Centro Rural Agrupado.
- Instituto de Educación Secundaria de Cacheiras.
- Chester College International School.

No ensino, destacamos a importancia do uso da lingua galega e as actividades de dinamización lingüísticas organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística do concello de Teo:

4 <https://empregoigualdade.xunta.gal/publicacions-e-estadisticas/analise-mensual-paro>

- **Apego:** Apego é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Diríxese ao contexto familiar e social dos nenos e nenas nos seus primeiros anos de vida (0 a 6) para achegarlle argumentos e facilitarlle ferramentas e redes que sosteñan e arroupen a crianza en galego. O programa entrega ás persoas usuarias un agasallo de benvida cunha caixa que contén recursos para a crianza, así como un CD con música en galego. Unha vez sumada a crianza ao proxecto os seus proxenitores continúan tendo unha retroactividade co proxecto, xa que reciben continuamente información sobre actividades e recursos que os diferentes concellos van xerando e que poidan ser de interese para esta poboación. Existe unha programación mensual de actividades para crianzas.
- **Proxecto Enreguéifate:** Enreguéifate é un proxecto impulsado polos concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo que apoia a difusión da improvisación oral en verso e contribuír por medio dela á promoción do uso da lingua galega. O obxectivo principal deste proxecto é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, nomeadamente no ámbito escolar. Por iso, inclúe accións formativas para alumnado e profesorado, un certame de regueifas en vídeo e un acto de entrega de premios do certame. Actividades que se desenvolven nos meses de xaneiro a abril.
- **Youtubeiras:** Youtubeiras nace coa vontade de conseguir que haxa máis vídeos en galego na Rede. Youtubeiras busca incitar e facilitar que todas as persoas compartan as súas habilidades e criterios, que poidan ser de interese para outras persoas, a través dunha canle onde moitas persoas descubren, visualizan e comparten vídeos. Actualmente, Youtube é a segunda rede social máis empregada, despois de Facebook, con máis de mil millóns de usuarias e usuarios. Para lograr este obxectivo xorde Youtubeiras, un concurso de vídeos na Rede, coa fin de fomentar a creación de vídeos en galego, tanto de opinión como vídeo-titoriais, para a súa difusión en Internet. Youtubeiras tamén ofrece formación específica de videocreación para compartirmos os saberes todos e aprendermos a comunicar coa linguaxe audiovisual.

Youtubeiras é unha iniciativa organizada polos servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Ames, Moaña, Negreira, O Grove, Pontevedra, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e Rianxo, das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e da Deputación da Coruña.

- **Día de Rosalía:** Actividade en colaboración coa Fundación Rosalía para divulgar a obra de Rosalía neste día.
- **Maio, mes das Letras:** Diversas actividades que xiran arredor da figura homenaxeada nas Letras Galegas durante o ano en curso, así como programas no ámbito educativo. Realízase nas datas previas ao 17 de maio.
- **Oferta puntual de actividades:** Actividades realizadas en colaboración coa Rede de Dinamización Lingüística, coa Deputación da Coruña e coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Recursos sanitarios

En canto aos recursos sanitarios do concello de Teo, existen catro centros de saúde:

- Centro Médico de Folgueiras.
- Centro Médico dos Tilos.
- Centro Médico de Cacheiras.
- Consultorio de Pontevea.

No ano 2023, o concello de Teo asinou un convenio coa Xunta de Galicia para poñer en marcha a construción do novo centro de saúde na Ramallosa.

Outras problemáticas teñen que ver co alto índice de infancia e adolescencia con discapacidade recoñecida, que supoñen un 13% entre a poboación de 3 e 18 anos en relación ao total de persoas adultas.

Servizos sociais

Os Servizos Sociais do concello de Teo están formados polo conxunto de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades e o acceso á calidade de vida e á participación social do conxunto da poboación do municipio.

O Servizo está composto por unha coordinadora, dúas auxiliares administrativas, unha educadora social e tres traballadoras sociais, das cales dúas exercen como profesionais de referencia para o conxunto da poboación do concello.

Entre os ámbitos máis habituais de actuación dos servizos sociais municipais está a protección de colectivos vulnerables como son as persoas menores de idade. Ademais deste colectivo, prestamos tamén especial atención ao das persoas maiores e das persoas con diversidade funcional. Estas intervencións concréntanse en prestacións tanto técnicas (ofrecendo información, orientación e intervención social por parte das profesionais que

forman o equipo de traballo), como en axudas (de carácter económico ou material ou acceso a bonificacións e servizos específicos).

A seguir explícanse os servizos, programas e axudas que teñen que ver directamente coa atención á infancia e ás familias na área dos Servizos Sociais:

- **Servizo de educación e apoio familiar (SEAF):** Trátase dun servizo básico que integra o conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psico-social dirixidos ás familias, co obxectivo de detectar, previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.
- **Programa de apoio escolar:** Concibido dentro do propio Servizo de Educación e Apoio Familiar (SEAF) dos Servizos Sociais Municipais e na procura da máxima colaboración cos equipos docentes, no ano 2013 comezan as actuacións compensatorias de reforzo escolar dirixidas a nenas e nenos en dificultade social. A actividade distribúese en catro grupos, dous deles de secundaria e dous de primaria, nos que se procura unha atención personalizada centrada nas necesidades do alumnado. Desde este enfoque, poténcianse as competencias básicas de cada participante, promóvense hábitos de estudo e aséntanse as bases para unha aprendizaxe autónoma e máis satisfactoria. Así mesmo, nestas aulas refórzanse coñecementos e resólvense dúbidas sobre as temáticas que están a ser abordadas na escolarización ordinaria, incrementándose as expectativas de éxito escolar, non só por parte do propio alumnado, senón tamén das súas familias e profesorado.
- **Programa Cidades Amigas da Infancia:** No ano 2018 o concello de Teo recibiu o Recoñecemento *Cidade Amiga da Infancia* no marco da VIII Convocatoria de Recoñecementos 2018-2022 de Unicef, recoñecendo o traballo realizado dende o Departamento de Benestar, coa mocidade e infancia de Teo.
- **Órganos de participación xuvenil:** En relación co punto anterior, no 2018 puxéronse en marcha o Foro de Participación da Infancia e Adolescencia de Teo (FoPIA), o Consello Local da Infancia e Adolescencia (CLIA), a Mesa de coordinación interna e a Mesa de coordinación externa, organismos de participación relacionados coa participación de nenos e nenas dos colexios de primaria e do IES. A través destes organismos estase traballando en darlle participación á mocidade. Unha das actividades máis destacadas impulsadas dende

o Concello foi unha campaña de seguridade viaria con varios vídeos deseñados e elaborados coa participación das persoas menores de idade. Ao redor da participación xuvenil tamén cómpre mencionar a posta en marcha do Consello Climático Xuvenil (CCX), onde a mocidade leva a cabo accións contra o cambio climático.

- **Bonificación de actividades extraescolares, de conciliación e/ou de lecer e tempo libre:** A ordenanza municipal reguladora do prezo público por realización de actividades culturais e deportivas establece unha exención total da praza para aquelas familias en situación económica desfavorable, xustificándose ben a través da situación económica, ben a través dun informe dos servizos sociais do concello de Teo. Existen tamén exencións totais en actividades municipais como DiverTeo ou o servizo de Madrugadores e Teocoida (nos Tilos, Calo e a Ramallosa) a través dun informe dos Servizos Sociais. Asemade, existen bonificacións de prazas en Asociacións privadas con ou sen ánimo de lucro.
- **Prazas de emerxencia reservadas nas Escolas Infantís Municipais:** Nas Escolas Infantís Municipais existe a reserva dunha praza por grupo de idade e centro durante o seu período de apertura. Estas prazas son cubertas atendendo o seguinte criterio: “casos que sexan valorados pola unidade de traballo social correspondente como urxentes, baseándose en motivos técnicos diversos, pero relacionados co benestar do/da menor. Neste caso a adxudicación da praza será inmediata mediante resolución da Alcaldía, sempre que exista unha vacante, dándose conta á comisión de baremación na seguinte reunión que esta realice”. No curso 2022-2023 deu comezo a aplicación da bonificación na atención educativa para todo o alumnado. Acolléndose así o concello de Teo a medida promovida pola Xunta de Galicia.
- **Servizo de axuda no fogar:** Este servizo non está dirixido especificamente á infancia e adolescencia pero, dentro do seu campo de actuación, está incluído este sector de poboación por ser especialmente vulnerable. As atencións de carácter psicosocial e educativo están especialmente prescritas en caso de servizos de axuda no fogar dirixidos a unidades familiares nas que existen menores a cargo e nas que se observan situacións familiares que poden repercutir negativamente no seu coidado. Durante o confinamento ante a imposibilidade de ingreso en centros residenciais incrementáronse as persoas atendidas polo SAF e noutros casos aumentáronse os tempos de atención e coidados.
- **Axudas municipais de emerxencia social e entrega de axudas materiais en especie:** Tampouco son axudas específicas para a

infancia. Non obstante, a cobertura de necesidades básicas de menores especificamente ou de unidades familiares nas que existen menores son obxecto preferente de cobertura. Tanto no relativo á alimentación e a outros materiais básicos, mantemento da vivenda, subministración de servizos básicos da vivenda, material escolar, vacinas non cubertas polo sistema público... Cabe destacar o esforzo orzamentario realizado durante o período de pandemia coa posta en marcha de axudas económicas específicas para as situacións de precariedade provocadas pola situación de COVID (ERTEs, finalizacións de contratos laborais, etc.). Ademais, concretamente dirixidas á infancia e adolescencia puxéronse en marcha mecanismos de apoio en relación á cobertura de material escolar, lúdico, e equipos informáticos destinados a reducir a fenda social e dixital.

- **O noso concello é socio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FGCS):** Cada ano o concello de Teo paga a cota de socio ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, un organismo autonómico de cooperación internacional. No relativo á infancia poden destacarse varias liñas de actuación que afectan a este sector poboacional:
 - **Proxectos de cooperación ao desenvolvemento a nivel internacional:** Varios dos proxectos que contan con financiamento do FGCS teñen á poboación infantil e xuvenil como beneficiaria. Se nos remitimos ao último ano executado (2022), os tres que se nomean a continuación estarían claramente relacionados:
 - Guinea-Bissau Mellora da calidade do tratamento materno infantil na Rexión de Cacheu.
 - Mozambique Promoción dos dereitos da infancia nos distritos de Boane e Namaacha (2ª fase).
 - Mozambique Saúde sexual e hixiene menstrual, combate aos casamentos prematuros e entrega de compresas reutilizables para raparigas en situación de vulnerabilidade.
 - **Sensibilización, educación para unha cidadanía global:** Nesta área compre destacar que o Concello de Teo participa no proxecto europeo Peopel & Planet, que trata de concienciar á xente nova sobre a gravidade do cambio climático. Para isto tense constituído a nivel municipal o Consello Climático Xuvenil.
 - **Formación “Localizando a Axenda 2030”:** A responsable técnica dos Servizos Sociais Municipais formouse en 2022 nesta área, a fin de avanzar na implantación municipal dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible, que como é sabido afectan ao conxunto poboacional pero varios dos obxectivos teñen á

poboación infantil como elemento clave, como é o caso do dereito de acceso a unha educación de calidade.

- **Escolas Infantís Municipais (EIM):** As Escolas Infantís Municipais prestan atención aos nenos/as escolarizados nelas, tanto nos aspectos educativos do primeiro ciclo de educación infantil como asistenciais (alimentación, coidado e hixiene), dentro do horario de funcionamento das escolas. A educación infantil de primeiro ciclo está dirixida a nenos/as de idades comprendidas entre os 0 e 3 anos e cumpre, respecto dos/das menores, unha dobre función, educativa e asistencial, ao tempo que fai un labor facilitador da conciliación persoal, laboral e familiar no que respecta ás familias. A prestación deste servizo é de balde e non ten custo para as familias.
- **Servizo de atención temperá (SAT):** No ano 2018 créase o servizo de atención temperá, dirixido á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna. Ten por obxectivo darlles resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. En 2021, os concellos de Teo e Ames asinan un convenio de colaboración e bota a andar o SAT conxunto para atención á poboación destes dous municipios. A xestión compartida permite dar un salto de calidade no que respecta ao horario de apertura e ás instalacións nas que se desenvolve a atención.

Os Servizos Sociais do concello de Teo atenden un total 2789 persoas, das que 1116 son homes e 1673 son mulleres. E os programas de inclusión atenden un total de 157 familias, das que 74 son familias sen menores e 83 son familias con menores ao seu cargo.

Unha situación de grande preocupación do concello de Teo é a situación de vulnerabilidade derivado dos problemas de infravivenda de varias unidades familiares na zona do Carballal, onde residen persoas menores de idade. Situado na parroquia de Calo, a escasos metros da estrada de Pontevedra que cruza o Milladoiro, encóntrase o lugar do Carballal. Se ben a situación no ano 2017 arroxaba datos de 6 infravivendas ou vivendas de bloque, nas que habitaban 5 unidades de convivencia, e que agrupaban 18 persoas (7 homes, 6 mulleres e 5 crianzas de 2, 3, 6, 15, e 16 anos), nos últimos catro anos déronse dúas circunstancias en relación á realidade do Carballal: por unha banda, aumentouse o número de familias debido ao casamento das xeracións máis novas e adolescentes e nacementos, o que implicou que nalgún caso chegasen a convivir dúas unidades familiares nun mesmo alpendre e, por outra, a posta en marcha do programa “Fogares”, en convenio coa entidade Provivenda, e a intervención

social conlevou o acceso de 4 unidades familiares que contan con 7 menores a vivenda regulada. Unha das familias retornou ao núcleo de infravivendas por desexo propio. Na actualidade, viven neste núcleo do Carballal 11 persoas adultas, 6 mulleres e 5 homes, 4 menores, 3 nenos e unha nena.

A proximidade na convivencia, as deficientes condicións de habitabilidade e outras situacións de vulnerabilidade, dálle ao traballo con esta poboación unhas características particulares, que fai máis diferencial, que no resto dos casos, a actuación con este sector de poboación. Na actualidade, e desde o ano 2008, véñense realizando diferentes accións nos diferentes ámbitos de intervención.

- **Acceso aos recursos sociais:** Na actualidade, a maioría das familias pasaron da percepción da RISGA ao IMV, acadándose nalgún caso a inserción laboral. Perciben ademais outras prestacións familiares da Seguridade Social e da Xunta de Galicia. Debido a situación de precariedade, en moitas ocasións teñen acceso tamén a axudas de emerxencia social municipal.
- **Promoción educativa:** En educación primaria acoden 3 nenos e o curso que ven inicia unha nena 4º de educación infantil. A pesar do traballo educativo realizado coas familias xitanas para apoiar a súa educación, ao finalizar o período de escolarización obrigatoria nos últimos anos abandonaron os estudos. Neste ámbito, a participación en programas educativos ou de cualificación profesional da Fundación Secretariado Xitano diminuíu nos últimos anos. En canto á situación educativa da poboación adulta, esta non ten mellorado con respecto a hai catro anos, e a situación é a que se reflectía no anterior informe: a maioría dos homes xa contan co Graduado Escolar e siguen cursando as competencias clave. As mulleres seguen sen acadar título regrado.
- **Promoción da saúde:** Cada vez é máis xeneralizado o uso dos recursos sanitarios locais, aínda que persiste a tendencia no acceso vía urxencias.
- **Acceso ao emprego:** Existe baixa cualificación para o acceso ao emprego, pero ano a ano tanto mulleres como homes acceden a diferentes actividades formativas e de cualificación prelaboral.

Por último, na área de Cooperación e Solidaridade dos Servizos Sociais comunitarios cóntase cun **Servizo de voluntariado municipal**, que ofrece á veciñanza a posibilidade de participar de xeito activo no artellamento social do concello e de realizar actividades sociais para a mellora da calidade de vida individual e colectiva, colaterais á propia acción municipal. Entre os proxectos destacan:

- Apoio Educativo.
- Voluntariado xuvenil.
- Banco Veciñal de Alimentos de Teo.
- Roupeiro Municipal.
- Acompañamento a persoas maiores soas ou con dificultades.
- Voluntariado ambiental.

Dentro desta área tamén cabe destacar o **Banco Municipal de Electrónica**, un servizo que durante o período de pandemia se fixo fundamental para a redución da fenda dixital das nenas, nenos e adolescentes que non dispoñían de dispositivos tecnolóxicos. Este servizo recolle desde o ano 2017 doazóns de ordenadores e móbiles que son preparados para ser usados de novo por persoas sen medios económicos que os precisen.

Recursos culturais, deportivos e de lecer

O concello de Teo conta con instalacións municipais destinadas á realización de deportes e actividades de lecer, así como con diversos recursos nos ámbitos cultural, deportivo e de lecer.

- **Recursos culturais:**
 - **Biblioteca Municipal:** Concibida como un espazo de promoción da lectura e a educación da cidadanía, a Biblioteca Municipal busca ser un lugar de encontro, onde poder formarse, aprender, compartir experiencias e relacionarse a través do seu fondo, programación de actividades para todos os públicos e cesión de espazos para a veciñanza. Este servizo préstase en rede a través de dous puntos de atención: [BPM do Grilo-Cacheiras](#) e [BPM dos Tilos](#), ambos os dous de acceso libre e gratuíto. Ademais dos servizos ofrecidos de forma habitual, realízanse actividades periodicamente como actividades de animación á lectura, clubs de lectura, concertos, contacontos, obradoiros, etc. Os meses de verán trasládanse parte dos fondos ás Bibliopiscinas municipais (Os Tilos e Luou).
 - **Casas comúns municipais:** Instalacións socioculturais municipais destinadas ao servizo da cidadanía para a práctica de actividades culturais, sociais e veciñais. Estas actividades deben axustarse ás características dos locais e organízanse ao redor dun [regulamento específico](#) que establece o uso e funcionamento dos locais socioculturais municipais do concello de Teo situados nos lugares de Bamonde, Calo, Campos-Teo, Lampai, Oza, Rarís, Os Tilos, A Torre-Cacheiras, O Grilo-Cacheiras e A Ramallosa. Nos

últimos anos executáronse obras de mellora en diferentes Casas comúns, como a dos Tilos, onde se actuou sobre a envolvente xa que estaba bastante deteriorada.

- **Recursos deportivos:**

- **Pavillóns polideportivos:** Pavillón polideportivo dos Tilos, Pavillón polideportivo Ezequiel Mosquera e Pavillón polideportivo de Calo.
- **Campos de fútbol:** A Cañoteira, Campo de fútbol de Praíña, Campo de fútbol de Calo, Campo de fútbol de Bamonde, Campo de fútbol de Rarís e Campo de fútbol de Recesende.
- **Piscinas:** Piscina cuberta A Ramallosa, Piscina descuberta de Luou e Piscina descuberta dos Tilos.
- **Pistas deportivas:** Pistas deportivas exteriores de Motouto, Pistas deportivas exteriores da Torre, Pistas deportivas exteriores de Constenla, Pistas deportivas exteriores de San Sadurniño, Pistas deportivas exteriores do Carballal, Pistas deportivas exteriores da Área Recreativa da Igrexa, Pistas deportivas exteriores de Campos de Mirabel, Pistas deportivas exteriores da Piollosa, Pistas deportivas exteriores de Vilar de Francos, Pistas deportivas exteriores do Mosteiro, Pistas deportivas exteriores dos Tilos, Pistas deportivas exteriores de Vilanova e Pistas deportivas exteriores de Fontenlo.

- **Actividades deportivas:** O concello conta tamén cunha programación anual de actividades que inclúe, entre outras, as seguintes realizadas en escolas deportivas (de 3 a 17 anos):

- Atletismo
- Bádminton
- Baile kids
- Baloncesto
- Béisbol
- Bicitrail
- Ciclismo
- Judo
- Karate
- Kickboxing
- Minitenis
- Natación
- Pádel
- Patín
- Psicomotricidade
- Rugby e fútbol americano
- Skate
- Taekwondo
- Tenis
- Tiro con arco
- Voleibol
- Xadrez

Complementariamente con estas actividades, organízanse outras de carácter puntual, como a Carreira pedestre ou a sinalización de rutas de sendeirismo.

- **Clubs deportivos:** Ademais, tamén atopamos en Teo os seguintes clubs deportivos, nos que participan moitas e moitos menores de idade do concello:
 - Club de aerodelismo Estela.
 - Club de baloncesto: Club Amigos de Teo, Club CD Galogrin e Club de baloncesto Club GMU.
 - Club de Billar.
 - Club de ciclismo Anova Racing Team.
 - Club deportivo Lobos. Práctica e ensinanza de rugby e fútbol americano para nenos e nenas entre 4 e 18 anos.
 - Club de Fútbol: Club de Fútbol de Rarís, S.D. Cacheiras e S.D.C. Recesende.
 - Club San Francisco. Actividades de karate, fútbol sala, judo e xadrez.
 - Escola de Béisbol e Sófbol Os Tilos.
 - Family Pádel.
 - Squash Club Santiago – Club de Tenis.
- **Recursos de lecer:**
 - **Parques infantís municipais:** Parque infantil da Unitaria de Raxó, Parque infantil da Unitaria de Cacheiras, Parque infantil da Unitaria de Casalonga, Parque infantil da Unitaria de Reis, Parque infantil do CEIP de Calo, Parque infantil da El da Ramallosa, Parque infantil do CEIP da Ramallosa, Parque infantil da El dos Tilos, Parque infantil do CEIP dos Tilos, Parque infantil e biosaudable do Cemiterio, Parque infantil e biosaudables dos Tilos, Parque infantil Dolmen, Parque infantil de Tribaldes, Parque infantil do Coto, Parque infantil de Lamas, Parque infantil de Montouto, Parque infantil As Torres, Parque infantil de Penelas, Parque infantil do parque Montouto, Parque infantil de San Sadurniño, Parque infantil de Vilar de Francos, Parque infantil Campos de Mirabel, Parque infantil de Fixó, Parque infantil da S.R. de Calo, Parque infantil da Igrexa de Calo, Parque infantil de Ameneiro, Parque infantil do Carballal, Parque infantil de Mosteiro, Parque infantil do concello, Parque infantil Val da Ramallosa, Parque infantil de Luou, Parque infantil de Ribas, Parque infantil de Bouñou, Parque infantil de Sestelo, Parque infantil de Rarís, Parque infantil da Pedra, Parque

infantil do Casal, Parque infantil de Vilanova, Parque infantil Praíña, Parque infantil de Monteselo, Parque infantil de Fontenlo e Parque infantil de Cerdeira.

- **Áreas recreativas:** Área Recreativa de Mouromorto, parroquia de Calo.
- **Sendas:**



- **Espazos naturais:**
 - Muíño da Ribeira.
 - Carballeira de Francos.
 - Ponte de Paradela.
 - Carballeira da Capela de Santa Ana.
 - Parque forestal do Xirimbao.
 - Parque forestal da Burga.
 - Miradoiro da Pena Escorredía.
 - Miradoiro de Agrela.
 - Parque biosaudable dos Robles.
- **Outros recursos:**
 - **Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos:** Deseñada para facilitar a conciliación familiar, laboral e persoal. Ademais de actividades lúdico-educativas conta con campamentos nos períodos de vacacións.

- **Clube San Francisco Teo:** Entidade deportiva que desenvolve, xunto con outras actividades, o Obradoiro de Psicomotricidade con bebés de 1-2 e 2-3 anos.
- **Sociedade Recreativa de San Juan de Calo:** Entidade sen ánimo de lucro que potencia a cultura e a práctica deportiva. Conta cunha Escola de Música Tradicional galega.

Recursos informáticos e TIC

O concello de Teo conta cunha Aula de informática para facilitar o acceso da veciñanza ás novas tecnoloxías e promover a sociedade da información e do coñecemento. A aula de Informática conta nestes momentos con doce computadores persoais. Tamén dispón de cascos para os ordenadores e lectores de tarxeta, dunha impresora láser e unha multifunción na que se poden imprimir e escanear todo tipo de documentos.

Por outra banda, e co obxectivo de facilitar o manexo das novas tecnoloxías, a aula de informática acolle unha Escola municipal de tecnoloxías da información. Nela impártense cursos de programación e deseño de videoxogos; cursos de robótica e intelixencia artificial e clases de ofimática e mecanografía. O alumnado vai dos 8 aos 16 anos e son un total de 41 nenas, nenos e adolescentes.

Tecido asociativo

O concello de Teo destaca pola vitalidade do seu movemento asociativo, sendo as principais asociacións:

- Asociación Cultural A Ponte Vella, en Reis.
- Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cacheiras.
- Asociación Cultural A Mámoa, en Luou.
- Sociedade Recreativa de San Xoán de Calo.
- Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos.
- Asociación Aberteo.
- Asociación Teenses pola Igualdade.
- Emisora radiofónica A xente de Teo.

Pertenza a redes

O concello de Teo está adherido tamén ao "Pacto das Alcaldías", unha iniciativa posta en marcha pola Comisión Europea no ano 2008 e aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar

ás autoridades locais e a cidadanía no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da UE. O Pacto consiste no compromiso dos municipios asinantes, de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, promoción das enerxías renovables e da mobilidade sostible.

Ademais, o CLIA participa de forma regular nos Consellos de participación infantís, nas Xornadas de Cidades Amigas da Infancia, no Consello Galego de infancia e adolescencia, na Comisión de infancia do Congreso dos deputados e realiza unha asistencia anual ao Parlamento galego.

5. METODOLOXÍA DE PLANIFICACIÓN

Antecedentes

O interese do concello de Teo polo cumprimento dos dereitos da infancia e da adolescencia demostrouse ao longo dos últimos anos mediante a realización de diferentes actividades organizadas polo propio concello, así como no apoio e soporte de accións levadas a cabo por outras entidades a nivel municipal.

Tamén se acredita o compromiso do concello cos dereitos das persoas menores de idade coa aprobación do regulamento do Consello local da infancia e adolescencia e o Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2018-2021 en maio de 2018, así como o desenvolvemento de numerosas actividades en favor da poboación máis nova do concello.

Moitas das actividades, levadas a cabo polas persoas menores de idade do concello de Teo, están recollidas no Informe Técnico Intermedio de 2018-2020 que se enviou a UNICEF no marco da iniciativa das Cidades Amigas da Infancia. Aquí queremos salientar algunha delas, nas que se contou e conta coa participación activa de nenas, nenos e adolescentes do municipio, tanto no deseño das propias actividades como no seu desenvolvemento:

- ✓ TEO/RODANDO. QUERES DAR O TEU PUNTO DE VISTA SOBRE O QUE TE RODEA? Introducción teórico-práctica ao cine documental. Xullo de 2017.
- ✓ Realización anual (agás en 2020 por mor da pandemia) de visitas dos centros escolares á Casa do concello onde puideron interactuar co persoal técnico e con responsabilidades políticas, como o alcalde.
- ✓ Concurso para a creación por parte do alumnado do IES de Cacheiras do logo do programa #TeoRecicla do concello de Teo. Curso 2017-18.
- ✓ Obradoiros formativos e de diagnose participada da situación dos dereitos da infancia e a adolescencia nas 7 aulas de 6º de primaria dos tres centros de educación primaria do concello e nas 5 aulas de 1º da ESO do instituto (IES de Cacheiras). De outubro de 2017 a xaneiro de 2018.
- ✓ Participación do alumnado de 6º de primaria e de 1º da ESO dos centros de ensino do concello na creación e deseño do Foro de Participación da Infancia e da Adolescencia (FoPIA) do concello de Teo. De outubro de 2017 a xaneiro 2018.
- ✓ Deseño dunha campaña de seguridade viaria por parte do equipo de traballo específico do FoPIA. Meses de marzo a maio de 2018.

- ✓ Campaña de recadación de fondos para enviar a Mozambique con diversas actividades, posto en marcha desde o FoPIA. Abril e maio 2021.
- ✓ Colaboración co proxecto de investigación "CON_LecerTeo: explorando os nosos tempos de ocio" da USC, onde a rapazada do FoPIA participou nun proxecto de investigación-acción desde o ano 2020 no deseño do proxecto, execución e difusión dos resultados neste último ano 2023.
- ✓ En abril do 2020, no marco do confinamento pola pandemia, os e as integrantes do Fopia mantiveron unha xuntanza virtual co alcalde para preguntarlle ao rexedor por aqueles temas que máis lles preocupaban en relación coa crise sanitaria da Covid-19.

Proceso de planificación

De cara á elaboración e concreción das accións necesarias para desenvolver con garantía o proceso do que resulta este plan, mantivéronse diferentes reunións con distintos sectores relacionados coa infancia e a adolescencia, ademais das propias do equipo de traballo, quen coordina todo o proceso. A estes contactos podemos engadir diferentes solicitudes de información a UNICEF Galicia, así como a asistencia a diversos encontros informativos e formativos ao redor da renovación do selo Cidades Amigas da Infancia.

- **Reunións co grupo de traballo encargado de elaborar o Plan:** O grupo de traballo encargado da redacción deste documento reuniuse semanalmente ao longo de todo o proceso de elaboración do mesmo.
- **Reunións do equipo de traballo sobre o selo CAI:** O equipo de traballo encargado da xestión de renovación do selo Cidades Amigas da Infancia ten reunións mensuais desde o comezo do proceso e continuará na forma de Grupo coordinador do Plan unha vez finalicen os trámites precisos.
- **Reunións con axentes sociais para recoller as súas achegas para o Plan:**
 - 09/03/2023.- Elaboración da análise DAFO da Mesa de Coordinación Interna con responsables e persoal técnico de tres concellarías.
 - 11/04/2023.- Elaboración da análise DAFO da Mesa Comunitaria ou Mesa de Coordinación Externa con persoal técnico do concello e con representantes de entidades locais e persoas con vinculación profesional directa coa infancia e a adolescencia.

- 18/04/2023.- Reunión da Mesa de Coordinación Interna con responsables e persoal técnico de tres concellarías, e representantes do FoPIA.
- **Relación de actividades desenvolvidas para recoller as propostas da infancia e a adolescencia para o Plan:**
 - 06/10/2022.- Análise colectiva dos dereitos da infancia e adolescencia e difusión das actividades do FoPIA e CLIA a 15 grupos de 1º, 2º e 3º da ESO do IES Cacheiras.
 - 07/10/2022.- Análise colectiva dos dereitos da infancia e adolescencia e difusión das actividades do FoPIA e CLIA a 5 grupos de 4º da ESO do IES Cacheiras.
 - 17/10/2022.- Análise colectiva dos dereitos da infancia e actividade para a elección de representantes nas aulas de 6º de primaria do CEIP de Calo.
 - 18/10/2022.- Análise colectiva dos dereitos da infancia e actividade para a elección de representantes nas aulas de 6º de primaria do CEIP da Ramallosa.
 - 19/10/2022.- Análise colectiva dos dereitos da infancia e actividade para a elección de representantes nas aulas de 6º de primaria do CEIP Os Tilos.
 - 24/10/2022.- Continuación da actividade para a elección de representantes nas aulas de 6º de primaria do CEIP de Calo.
 - 25/10/2022.- Continuación da actividade para a elección de representantes nas aulas de 6º de primaria do CEIP da Ramallosa.
 - 26/10/2022.- Continuación da actividade para a elección de representantes nas aulas de 6º de primaria do CEIP Os Tilos.
 - Do 06/03/2023 até o 12/04/2023.- Enquisa á mocidade de Teo sobre os seus dereitos.
 - 17/04/2023.- Elaboración da análise DAFO do Foro de Participación da Infancia e da Adolescencia (FoPIA) do concello de Teo coa presenza de representantes dos tres CEIP e do IES de Cacheiras.
 - 08/05/2023.- Reunión do FoPIA coas candidatas á alcaldía para reivindicar os dereitos da infancia e da adolescencia e presentar unha lista de imprescindibles para o programa electoral.

O 31 de xaneiro de 2018 o Pleno do Concello de Teo aprobou o regulamento do Consello local da infancia e adolescencia e o Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2018-2021 foi aprobado tanto polo Pleno municipal no mes de maio de 2018 como polo Pleno do CLIA celebrado no mesmo mes. A vixencia deste plan foi prorrogada ata 2022, por iniciativa de UNICEF, pola incidencia da pandemia do COVID-19.

O día 12 de decembro de 2022 o FoPIA decide por votación modificacións nos Regulamentos do FoPIA e o CLIA que deben ser ratificados no CLIA de xuño de 2023 e posteriormente no pleno municipal.

Asemade, na sesión ordinaria do Pleno Municipal do 1 de marzo de 2023 apróbase por unanimidade de todos os grupos políticos e a proposta de Alcaldía, solicitar a renovación do Selo do concello de Teo como Cidade Amiga da Infancia. No último pleno do actual goberno municipal na sesión de data 10 de maio de 2023 é aprobado por unanimidade o *II Plan Integral de Infancia e Adolescencia 2023-2027*. Estes acordos serán ratificados polo Pleno do CLIA que se celebrará no vindeiro mes de xuño.

Valoracións e diagnóstico

Para realizar a valoración leváronse a cabo distintas liñas de acción que axudaron á recollida de información e posterior elaboración dunha análise valorativa da situación da infancia e adolescencia no Concello de Teo. Para iso, traballouse con distintos grupos de persoas: crianzas e adolescentes de menos de 18 anos e persoas adultas.

- **Actividades realizadas con persoas menores de idade:**
 - **Elaboración da enquisa aberta e anónima:** Co obxecto de chegar a o maior número de rapaces e rapazas posible, creouse unha enquisa en liña para cubrir de xeito anónimo, cuxo deseño se baseou no modelo fornecido pola UNICEF e adaptado ás características propias do concello. O formulario de preguntas foi distribuído a través de da páxina web do concello de Teo e de xeito específico nos centros educativos e IES, contando co apoio dos departamentos de orientación, as persoas titoras e tendo como soporte medios de comunicación dixital como o ABALAR. Ver [aquí](#) a batería de preguntas.

Ao longo de mes e medio, recibíronse 152 respostas, das cales foron descartadas 10, tanto por ofrecer contestacións non válidas (linguaxe inapropiado ou resposta irreais) resultando unha mostra representativa de 142 respostas de persoas de entre 10 e 16 anos. De seguido, expóñense os resultados obtidos, podéndose consultar as respostas completas na seguinte [ligazón](#).

Datos xerais:

Por idade: Das 142 persoas participantes, máis do 60% tiñan 3 e 14 anos, 15 anos un 11% e 16 anos un 8%. Só o 0,7% tiña 10 anos.

Por parroquias: A orde de participación foi a seguinte:

- Cacheiras: 22,5%
- Calo: 20,4%
- Teo: 18,3%
- Luou: 9,2%
- Lampai: 4,9%
- Os Tilos: 4,2%
- Lucí: 3,5%
- Reis: 3,5%
- Oza: 1,4%
- Rarís: 2,8%
- Recesende: 2,8%
- Vilariño: 2,8%
- Bamonde: 0,7%

Por lugar de nacemento: En canto ao lugar de nacemento a porcentaxe maior correspondeuse con España, destacando a presenza doutras orixes como Ucraína, con 2 respostas, África, Hungría ou Venezuela.

Por xénero sentido: A porcentaxe foi a seguinte: 47,9% de rapazas, 46,5% de rapaces, 2,1% de persoas non binarias, 2,1% que non desexan responder e un 1,4% demichica.

Estudos: Unha ampla maioría das persoas que contestaron estar estudando en centros públicos do concello (98,6% estudan e 97,9% centros públicos), correspondéndose as porcentaxes restantes a persoas que non estudan ou o fan en centros privados.

Discapacidades: Un 3,5% das persoas manifestaron ter algún tipo de discapacidade e delas, só o 16,7% (1 persoa) participa nun programa de deporte adaptado e o 33,3% (2 persoas) recoñece participar nalgún programa de apoio e adaptación para poder estudar.

Dereitos e participación:

Á pregunta “coñeces os teus dereitos como menor de idade e que están recoñecidos na [Convención dos Dereitos das Crianzas](#)”, un 54,2% afirma non ter coñecemento, fronte a un 41,5% que si e un 4,3% que manifesta saber só dalgúns.

Á pregunta “existe no teu concello, escola ou parroquia un órgano de participación, espazo ou asociación nas que participan nenos, nenas e adolescentes?”, obtivéronse as seguintes respostas: un

amplio 66,9% afirmou que si, un 19,7% contestou que non e un 13,4% manifestou non saber.

Existe no teu concello, escola ou parroquia un órgano de participación, espazo ou asociación nas que participan nenos, nenas e adolescentes?
142 respostas




Con todo, ao ser preguntadas sobre a existencia do FoPIA un 76,1% asegurou coñecer este Foro de Participación da Infancia e Adolescencia.

En canto á percepción do respecto e valoración que reciben por parte do Concello de Teo, responden á pregunta “No último ano, pensas ou sentes que as autoridades do Concello de Teo te valoran, respectan e/ou tratan xustamente?”

- Sempre: 31%
- Nunca: 23,2%
- Case sempre: 16,9%
- Algunhas veces: 15,5%
- Case nunca: 6,3%
- Non sei: 4,9%
- Outros: 2,1%

Sobre a súa participación activa, o 81% responde que no último ano non fixo propostas ao Concello de Teo para mellorar os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes.

No último ano, fixeches algunha proposta ao Concello de Teo para mellorar os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes?
142 respostas



De entre os 27 rapaces e rapazas que recoñeceron ter feito algunha proposta en favor dos dereitos da mocidade, correspondentes co 17,6% do total, o 59,3% considera que Concello de Teo as escoitou, mentres que o 29,6% entende que non.

Un 68,3% indica non saber onde presentar propostas, fronte a un 31% que si e ante a pregunta “o Concello de Teo infórmache sobre o estado das túas propostas?”, un 67,7 indica que non mentres o 19,7 considera que si e o 12,7% ofrece “outras respostas”, destacando entre estas “ás veces” e “non fago propostas”.

Discriminación, *bullying* e ciber acoso:

Á cuestión “Nos últimos doce meses, fuches vítima de discriminación, ignoraron algunha das túas necesidades ou algún tipo de malos tratos na túa casa, no colexio ou instituto, no parque, asistindo a algunha actividade recreativa ou cultural?” ás porcentaxe nas respostas foron as seguintes:

Nos últimos doce meses, fuches vítima de discriminación, ignoraron algunha das túas necesidades ou algún tipo de malos tratos na túa casa, no colexio...tindo a algunha actividade recreativa ou cultural?
142 respostas



Un 86,6% indica no ter sufrido acoso ou bullying no centro de ensino, fronte a un 9,1% que refire agresións con periodicidades que van dunha vez por semana a 1 ou 2 veces en total.

En canto ao *ciberbullying* ou ciber acoso, os resultados son os seguintes:

Nos últimos dous meses, sufriches ciber acoso ou ciberbullying?
142 respostas




Hábitos de saúde e hixiene:

As preguntas relacionadas con saúde e hixiene revelan que unha maioría de rapaces e rapazas consideran ter unha dieta alimenticia equilibrada e variada (66,9%), mentres que un 24,6% refire tela “só algunhas veces” e un 8,4%, nunca ou case nunca. En canto á hixiene persoal, algo máis do 7% indicou non ter bos hábitos neste senso.


O consumo de alcohol e/ou tabaco relévase máis estendido con respecto a outras substancias, referindo o 28,1% o seu consumo regular fronte ao 3,6% que refiren o consumo doutro tipo de drogas (un 90% indica no consumir drogas nunca).

Bebes alcohol ou fumas?
139 respostas



En canto á identificación de emocións amósase unha certa diversidade nas respostas, cun peso relativo elevado daquelas que reflicten ambigüidade ou incerteza:

Sabes (recoñeces) cando te sentes triste, anoxad@, content@, etc.?
142 respostas



Unha ampla maioría practica deporte polo menos dúas veces á semana (75,4%) e un 24,6%, non chega a ese mínimo.

O 88,6% non mantén ou mantivo relacións sexuais e de entre o 13,4% que si, 66,7% empregou métodos anticonceptivos, fronte e a un 33,3% que non.

Mobilidade e uso do espazo e instalacións públicas:

O 46,4% das rapazas e rapaces vai ao parque ou utiliza algún lugar público ao ar libre, sempre ou case sempre, e outro 40,1% faino “algunhas veces”. Só o 13,5% recoñece non empregar estes espazos públicos “nunca” ou “case nunca”.

En canto á seguridade percibida, un 73% indica sentirse seguro/a tanto na rúa como nos desprazamentos ou paseos, “sempre” ou “case sempre”.

O coche particular é o medio de transporte maioritario empregado polo 60,6% das rapazas e rapaces, seguido dos desprazamentos a pé (20,4%), o transporte público (7,7%) e a bici (5,6%).

Unha ampla maioría non emprega o Teobus, identificándose como usuarias habituais só o 4,2%.

Á pregunta “Estás satisfeit@ coas instalacións recreativas da túa vila ou parroquia?”, responden:

Estás satisfeit@ coas instalacións recreativas da túa vila ou parroquia?
142 respostas



Novas tecnoloxías:

As preguntas en relación ás novas tecnoloxías relevan un amplo acceso ás internet e/ou a outros dispositivos, aínda que nas habilidades dixitais, preto da metade das participantes non se sente en igualdade de con respecto a amizades ou compañeiros/as da escola ou instituto.

Novas propostas:

Das 142 rapazas e rapaces que emitiron respostas válidas, só 25, o 20,4%, manifestaron ter algunha idea ou proposta que lle gustaría que levase a cabo o Concello de Teo. Son as seguintes:

- Facede un novo campo de fútbol.
- Facede un kebab.

- Facede un kebab.
 - Respectar máis os pronombres non binarios.
 - Parque de MTB.
 - Facer pistas deportivas de baloncesto.
 - Un espazo de lecer libre para a xuventude, como unha biblioteca pero para múltiples actividades como xogos de mesa, zona de estudo, zona deportiva...
 - Sitios recreativos para mozos e mozas na adolescencia.
 - Que haxa un club de xadrez.
 - Rematar o parque da Carballeira de Luou.
 - Un centro comercial.
 - Crear obradoiros deportivos.
 - Poñer máis buses.
 - Organizar excursións para nenos e non só para os da terceira idade.
 - Intentar mellorar o transporte publico no instituto.
 - Permitir a caza de animais.
 - Un ximnasio.
 - Poñer futbolíns que son moi divertidos.
 - Arranxar o Parque de Lampai.
 - Que en Lampai, en Beitureira, puxeran máis farolas.
 - Un parque en Pedrouso.
 - Que en Calo, onde a SR, volveran abrir a piscina pública que había, e de paso que arranxaran as canastas de baloncesto.
 - Parque en Bamonde.
 - Que existisen máis beirarrúas.
 - Máquinas dispensables de alcohol gratis.
- **Elaboración dun DAFO no seo do FoPIA:** Convocado o FoPIA, dinamizouse unha sesión de traballo orientada a recoller a percepción das persoas máis novas do concello en relación ao cumprimento dos seus dereitos como infancia e adolescencia. Nesta xornada de traballo participaron 18 rapaces e rapazas. Ademais dun número elevado de persoas, o grupo funcionou dun xeito moi pro-activo. O resultado non foi xerarquizado, polo que se expón na orde na que foi recollido:
- **Debilidades:**
 - x Poucas hortas urbanas.

- x Falta espazo común e seguro (p.ex. Fábrica de cepillos).
- x Malos autobuses (horarios, paradas e hixiene).
- x Escaso estacionamento cerca dos centros de ensino (Ramallosa e Os Tilos).
- x Horario reducido da biblioteca dos Tilos.
- x Poucas e malas beirarrúas (Rarís/A Poboá).
- x Mal estado das marquesiñas.
- x Falta de actividades específicas para adolescentes en horarios e datas adaptadas (non de noite nin entre semana).
- x Extensión territorial do Concello.
- x Non existencia dun lugar fixo para a aula de medio ambiente.
- x Falta de espazo estable para teatro.

▪ **Forzas:**

- x Extensión territorial do Concello.
- x Moitas casas comúns.
- x Moitas actividades culturais e sociais.
- x Moitas rutas de sendeirismo.
- x Posibilidade de mostrar talentos e habilidades en eventos do Concello.
- x Medios de comunicación propios.
- x Moita infraestrutura municipal-
- x Centros educativos públicos.
- x Existencia do CLIA e do FoPIA.

▪ **Ameazas:**

- x Pouco orzamento para os fondos da biblioteca.
- x Presenza de drogas.
- x Extensión das redes sociais.
- x Problemas económicos globais.
- x Mala saúde mental.
- x Extensión do conflito Ucraína-Rusia.
- x Posibilidade de anexión a Compostela.
- x Acoso escolar ou ciber bullying.

- x Inseguridade cidadá/extensión medo.
- x Machismo.
- x Discriminación colectivo LGTBAlQ+.

▪ **Oportunidades:**

- x Axudas de rehabilitación de casas.
- x Axudas ao medio rural.
- x Bolsas de ensino.
- x Oportunidade de contar con axentes forestais.
- x Crear espazos seguros e unirse a redes de persoas LGTBAlQ+.
- x Usar espazos privados ou públicos (Xunta) para infancia e adolescencia.
- x Desenvolver políticas responsables.

• **Actividades realizadas con persoas maiores de idade**

- **Elaboración do DAFO coa mesa de coordinación interna:** O día de 9 marzo de 2023 celebrouse unha sesión de traballo coa mesa de coordinación interna do programa CAI, integrada por Xosé Ignacio Igrexas Vilar, Concelleiro de Benestar, Igualdade e Participación Veciñal, María López, Concelleira de Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego, Igualdade, Cultura e Educación, Eva López, Técnica de Servizos Sociais Comunitarios, Silvia Casas, Alfabetizadora Dixital aula de Informática e Gonzalo Carrillo, Técnico municipal de Deportes.

A sesión foi dinamizada por dous profesionais externos que conduciron ao grupo na elaboración dun DAFO sobre a situación actual situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo. Tras a identificación das debilidades, forzas, ameazas e oportunidades, procedeuse a unha valoración grupal e xerarquización, resultando, por orde de importancia, os seguintes ítems:

▪ **Debilidades:**

- x Transporte público escaso.
- x Infravivenda do Carballal.
- x Problemas medioambientais.
- x Equipamentos deportivos mellorables.

- x Falta dun centro de lecer e encontro grande e interxeracional no centro de Teo.

▪ **Forzas:**

- x Servizos de conciliación.
- x Oferta cultural e deportiva, pública e privada, de balde ou accesible.
- x Alta participación infantil nos órganos correspondentes.
- x Rede peonil.
- x Melloras no CRA e colexios.

▪ **Ameazas:**

- x Desvinculación social co territorio.
- x Cambio climático.
- x Estrutura dos centros educativos (masificación do IES).
- x Falta de recursos públicos para saúde mental, con especial preocupación arredor da prevención de dependencias dixitais e de xogos.
- x Dificultades na organización dos tempos familiares, en detrimento do tempo en familia e o acompañamento no crecemento.
- x Falta de cumprimento do dereito ao acceso á vivenda pública.
- x Taxa de descenso na natalidade.

▪ **Oportunidades:**

- x Políticas progresistas centradas na infancia.
- x Proximidade a Santiago de Compostela e á súa vida cultural.
- x Redes e novas formas de comunicación.

Definición de prioridades para o novo Plan de Infancia e Adolescencia (PLIA), en base aos resultados do DAFO, definíronse as seguintes liñas de acción:

- Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.
- Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.
- Fortalecer a rede de atención de saúde mental para a infancia e adolescencia.

- Racionalizar a planificación das estruturas educativas.
- Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia.
- Garantir o dereito á vivenda.
- **Elaboración do DAFO coa Mesa Comunitaria:** Integrada por persoas adultas de ámbitos diversos cuxa acción profesional ou social se vincula coa infancia e a adolescencia do Teo, esta mesa acolleu representantes de: Asociación sen ánimo de lucro ARCOsTilos; servizo de pediatra de área no centro de saúde de Calo-Los Tilos; Anpa-Ramallosa; Servizo de Atención Temperá; Banco de Electrónica Municipal; RadioTeo; Programa Fogares de Provivenda; Biblioteca dos Tilos e Mediateca dos Grilos; SEPA-USC; e Servizos Comunitarios do Concello de Teo.

Ao igual que no caso anterior, este grupo identificou debilidades, forzas, ameazas e oportunidades, e procedeuse a unha valoración grupal e xerarquización, resultando, por orde de importancia, os seguintes ítems:

▪ **Debilidades:**

- x Falta de actividades organizadas de grupo e relacionadas coa saúde, e de recursos de lecer específicos para adolescentes.
- x Dispersión xeográfica, relacionada co transporte público deficitario, que provoca falta de autonomía persoal e de seguridade a nivel de mobilidade. / Falta de participación das familias.
- x Dificultade de socialización menores de idade que viven fóra dos núcleos grandes.
- x Falta de persoal para a atención ás necesidades (lecer, saúde, acompañamento), de competencia municipal.
- x Falta de coñecemento dos activos entre menores por non utilizar medios de difusión ou redes comunicativas adecuados.
- x Falta de vivenda e alto custo da existente.

▪ **Forzas:**

- x Creación de mapas de activos comunitarios. / A posibilidade de coordinación que ofrece a propia mesa comunitaria.

- x Servizos de conciliación.
- x Ruralidade en relación á saúde.
- x Existencia de infraestruturas públicas (biblioteca, Punto Xove, banco de reciclaxe electrónica, etc).
- x Creación do servizo de atención temperá.
- x Dispoñibilidade ás alianzas con outras entidades externas.
- x A implicación e motivación por parte das persoas adultas. / A receptividade dos axentes relacionados.
- x Oferta cultural e educativa de balde.
- x Medio radiofónico dispoñible.
- x Tecido asociativo.
- x Existencia de novas rutas ciclables e camiños escolares.
- x Incremento de servizos para a adolescencia (como a escola ecoloxista).

▪ **Ameazas:**

- x Dificultade de xestión dos tempos relacionados coas persoas adultas e menores e falta de adecuación ao cambios sociais acelerados.
- x Falta de información e formación por parte das persoas adultas en relación ás TICs e á crianza en xeral.
- x Falta de persoal de atención á infancia e adolescencia.
- x Cambio climático.
- x Falta de vivenda pública.
- x Crise socioeconómica global.
- x Aumento da prevalencia de patoloxías en idades temperás.
- x Incidencia das novas tecnoloxías na mocidade.
- x Falta de raciocinio político.

Definición de prioridades para o novo Plan de Infancia e Adolescencia (PLIA), en base aos resultados do DAFO, definíronse as seguintes liñas de acción:

- Favorecer a mobilidade dentro do concello.
- Crear novos recursos para familias. Relacionados coa saúde mental.

- Continuidade e mellora mapa activos e difusión efectiva.
- Obtención e xestión axudas europeas para infancia e adolescencia.
- Programa piloto “Planet Youth”.

Conclusionés de valoración e diagnóstico

En base aos datos cualitativos e cuantitativos recollidos pódense extraer conclusións en relación á situación da infancia e a adolescencia no concello de Teo.

A ampla extensión do concello e dispersión da poboación, tamén infanto-xuvenil, tradúcese na existencia dunha ampla rede de instalacións públicas, sendas e espazos de lecer ao aire libre que permiten e ao redor dos que se artella a vida cultural, comunitaria e de oferta de lecer que se recolle con anterioridade. Neste senso, e de novo en relación á dispersión poboacional, un dos a mellorar, indicados a tanto por parte das persoas adultas como menores de idade é a mobilidade, en concreto o transporte público, unha eiva á que desde o concello se lle dará solución empregando as novas tecnoloxías adaptadas ao transporte público baixo demanda. En positivo, a mobilidade a pé mellorou substancialmente nos últimos anos coa creación de sendas peonís e camiños escolares seguros, ambas propostas valoradas de xeito positivo por parte da poboación máis nova, entroncando ademais con outro dos principais eixos a abordar en relación aos dereitos da infancia e a adolescencia, como é a saúde (vida activa) e un entorno seguro.

No que se refire á conciliación familiar, o concello de Teo destaca pola oferta de servizos públicos, para favorecer a conciliación grazas a servizos DiverTeo ou o servizo de Madrugadores e Teocoida, e así o recoñecen e sinalan as persoas consultadas no proceso de valoración, tendo ademais exención total de custes para aquelas familias en situación económica desfavorable, o que se aplica tamén en actividades culturais e deportivas, e outras relacionadas cos estudos, resultando unha práctica democratizadora e a prol da calidade de vida da infancia e a adolescencia e amortiguación das desigualdades sociais.

A saúde, en concreto a mental, foi outro dos principais temas sobre que versou a valoración, detectándose unha preocupación pola falta de recursos, medios e persoal sanitario en relación a alta demanda de cobertura profesional neste campo.

En relación a ter en conta as súas opinións, necesidades e prioridades na vida pública, o diagnóstico releva a existencia do FoPIA e o CLIA como espazos axeitados para este fin, cunha ampla porcentaxe da poboación consultada (76,1%) coñecedora destes foros.

Neste foros, en concreto no FoPIA no curso 22/23, está habendo unha alta participación de rapazas e rapaces (unha media de 16 por sesión) con respecto a anos anteriores. Os datos revelan, pola contra, pouca iniciativa propositiva por parte da infancia e a adolescencia (81% non fixo propostas de mellora no último ano para mellorar os seus dereitos) ou a falta de identificación do FoPIA como espazo para a defensa dos seus dereitos (68,3% non sabe onde presentar propostas ao concello).

Por outra banda, a información obtida do DAFO no seo do FoPIA así como da mesa de coordinación interna revelan a percepción deste espazo para a participación da infancia e a adolescencia como unha “forza” do concello. Polo tanto conclúese que existe vontade tanto por parte dos axentes locais como da rapazada de manter o FoPIA como espazo de escoita e activación como axentes activos da poboación máis nova. Nesa mesma liña, desde a Mesa comunitaria, foro asociado ás Cidade Amigas da Infancia, valórase como primeira “forza” a posibilidade de crear sinerxías entre os diferentes actores sociais relacionados coa infancia e a adolescencia para seguir construíndo e compartindo información e recursos para a mellora da situación da infancia e a adolescencia (por exemplo, a través do mapeado de recursos).

Polo tanto, conclúese que é preciso manter os espazos existentes de participación, así como facer extensiva a cultura democrática e o empoderamento como axente político entre a poboación obxecto.

6. DEFINIÇÃO DOS OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

O proceso participativo realizado no concello de Teo, dirixido tanto á poboación infantil e xuvenil como aos actores sociais do concello, permitiron analizar e identificar as necesidades máis urxentes do concello e determinar cales deberían ser os retos e prioridades que a administración local debería asumir en relación coa garantía dos dereitos da infancia e da adolescencia.

As conclusións dos encontros e as diferentes análises DAFO realizadas permitiron determinar as necesidades e os compromisos, determinando os obxectivos xerais do Plan, que se mostran a continuación:

1. **Ampliar os espazos de participación na vida pública da infancia e adolescencia.** Os órganos de participación existentes no concello contan cunha alta participación, implicación e motivación de persoas adultas e a boa receptividade dos axentes implicados. Neste sentido, desde o concello de Teo consideramos que é necesario centrar esforzos en manter esta implicación da poboación menor de idade, ampliar os espazos de participación e favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia a outras cuestións que lles poidan afectar. Esta transversalización da participación supón o compromiso do concello a manter abertas as canles de participación da infancia e da adolescencia, así como o de estendela a todos os campos en que fose necesario e posible. Os altos índices de participación nos diferentes organismos creados, así como as políticas progresistas en favor da infancia e adolescencia, as políticas europeas de participación infantil e o aumento xeral da cultura de participación na infancia e adolescencia ofrecen moitas posibilidades de coordinación e actuación para levar adiante diversas iniciativas en favor das persoas menores de idade. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO realizadas⁵:
 - Os órganos de participación existentes no concello e a alta participación nestes é un moi bo punto de partida para ampliar os espazos de participación infantil e xuvenil.
 - O tecido asociativo e a oportunidade de reemerxencia do valor comunitario tamén teñen aquí un importante peso como fórmulas de participación social, nas que poderían implicarse as persoas menores de idade. Aínda que se detecta a falta de raciocinio político xeral como unha ameaza, xa que pode levar a un desinterese participativo da mocidade do concello.

5 Toda a información acerca das análises DAFO recóllese no punto 4 do presente documento.

2. **Racionalizar a planificación das estruturas educativas.** Este punto prende poñer enriba da mesa a mellorable situación dos centros de ensino do municipio, con especial énfase na planificación educativa, onde se organizan, articulan e sistematizan as metodoloxías pedagóxicas e obxectivos específicos a alcanzar. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
 - Destácase a forza de existencia de centros de ensino público e as accións positivas de creación do servizo de atención temperá, o programa de conciliación e as melloras nos CRA e coles. Mentres que se detecta a masificación dos IES.
3. **Fortalecer unha rede comunitaria que actúe como factor de prevención da saúde mental na infancia e adolescencia.** Cada vez son máis as persoas menores de idade que teñen problemas de saúde mental, así como tamén hai un aumento de patoloxías en idades temperás. A preocupación polo coidado da saúde mental e a creación de espazos seguros nos que a mocidade poida expresarse e informarse estivo presente nas diferentes reunións para a elaboración do PLIA, sendo as persoas do FoPIA as que fixeron fincapé na inseguridade cidadá e o medo debido á discriminación, desigualdade e odio imperantes na sociedade actual que ameazan a convivencia social. Con este obxectivo o que se pretende é manter e crear programas de intervención e recursos específicos, que atendan ás necesidades concretas da persoas menores de idade en torno ao ámbito da saúde mental. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:
 - Aumento de patoloxías en idades temperás e falta de recursos públicos para saúde mental, así como falta de persoal especializado nestas cuestións. Tamén se detectou unha falta de formación das familias en parentalidade positiva e a dificultade de conciliación e xestión dos tempos persoais e profesionais das familias, pese a existencia de servizos de conciliación.
 - Tamén se falou da falta dun espazo común e seguro, á vez que se sinalaron como ameazas o machismo, a discriminación LGTBQIA+ e o acoso escolar e cyberbullying.
 - A creación de novos recursos para adolescentes e familias e a creación de espazos seguros de (in)formación e apoio, así como a posibilidade de tecer redes LGTBQIA+ son algunhas das necesidades detectadas.
4. **Favorecer a transición ecolóxica no marco do concello.** O cambio climático e a degradación do medio ambiente representan una ameaza a nivel mundial e, existe unha grande preocupación pola

sostibilidade a nivel municipal. Por iso, preténdese continuar a traballar nesta liña, avanzar no eido das intervencións medioambientais e crear un modelo de desenvolvemento máis sostible. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- Leváronse a cabo sendas peonís mais cómpre seguir traballando ao redor dos problemas medioambientais e contra a acción do cambio climático.
- Aínda que hai unha escola ecoloxista e aula medioambiental, creada recentemente, non hai un espazo físico estable para esta. Ao igual que os recursos da biblioteca sobre ecoloxía son escasos e tamén se bota en falta un maior número de hortos urbanos en Teo a disposición da veciñanza.

5. Garantir de acceso á vivenda. Actualmente, no noso municipio

existe unha grande dificultade de acceso á vivenda, falta de vivenda pública e alto custe de alugueiros ou vendas de fogares. Ademais, cóntase cun asentamento de infravivendas ou vivendas de bloque, nas que residen varias unidades de convivencia con persoas menores de idade en deficientes condicións de habitabilidade e vulnerabilidade. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- A situación de infravivenda da zona do Carballal afecta a varias persoas menores de idade.
- No municipio hai falta de vivenda e alto custe da mesma, tampouco hai vivenda pública.
- Destácase a existencia de axudas relacionadas con vivenda.

6. Promover unha maior vinculación da xente nova co territorio.

As especificidades do concello de Teo en canto á súa configuración xeográfica, urbana e social requiren solucións diversas para atender as necesidades dun territorio no que se conxugan áreas de gran condensación de poboación de creación recente con outras zonas rurais que abranguen gran parte da superficie do concello. Por un lado, destacouse a importancia e valor de contar cunha zona rural ampla que permite un maior contacto coa natureza, unha comunidade máis unida (da que se destacan aspectos como a seguridade ou a tranquilidade, entre outros) e a oportunidade de ter espazos de lecer ao aire libre. Por outro, tamén se fixeron constar as dificultades que estas mesmas zonas rurais supoñen para a infancia e a adolescencia na súa vida diaria, con grandes cantidades de desprazamentos en vehículos privados, uso frecuente do transporte público ou menor calidade dos servizos por estaren centralizados nas zonas máis urbanas. Así mesmo, as zonas urbanas descríbense como

áreas menos humanizadas con gran presenza de vehículos que dificultan a vida autónoma dos e das menores. Todo isto ten como unha das súas consecuencias o baixo grao de implicación co territorio por parte da poboación e que en numerosas ocasións o destino preferido sexa un núcleo próximo e atractivo socialmente como é Santiago de Compostela. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- Existe unha grande desvinculación co territorio da infancia e da adolescencia debido, en parte, á dispersión xeográfica e territorial do concello. Isto vai da man das malas condicións das beirarrúas, marquesiñas e transporte público, escaso e deficitario, con horarios, paradas e hixiene mellorables, o que provoca falta de autonomía persoal e de seguridade a nivel de mobilidade e tamén dificulta a socialización das persoas menores de idade que viven fóra dos núcleos grandes.
- Ponse unha ollada na mellora do transporte público e en favorecer a mobilidade dentro do propio concello, que xa conta cunha rede peonil, diversas rutas ciclables e camiños escolares.

7. Manter e crear actividades de ocio e espazos de lecer específicos para adolescentes. Existe a necesidade por parte da mocidade do concello de contar con espazos de convivencia que permitan a interacción entre os e as menores e que lles proporcionen espazos de lecer compartidos e un maior número de actividades e recursos lúdicos específicos para adolescentes. Se ben se destaca a existencia de numerosos parques infantís no concello e outras instalacións deportivas e comunitarias como factores positivos, tamén se reclama unha maior preocupación en canto ao mantemento destas instalacións e a mellora dos equipamentos deportivos, sociais e culturais. Tamén se fai fincapé na falta de persoal, de competencia municipal, para a atención ás necesidades de lecer e na falta de coñecemento dos activos entre menores por non utilizar medios de difusión ou redes comunicativas adecuadas. Este obxectivo responde ás seguintes conclusións extraídas das diferentes análises DAFO:

- O concello conta con mapas de activos comunitarios, cunha ampla oferta cultural e deportiva de balde ou accesible, infraestruturas públicas para a sociedade (biblioteca, punto xove, banco de reciclaxe electrónica, etc.) e incrementou os servizos xuvenís (como a escola ecoloxista).
- En relación co anterior, debemos ter en conta a incidencia das novas tecnoloxías na mocidade, que contan cunha dependencia dixital e de xogos virtuais cada vez maior, o que os desvincula e illa da sociedade. Neste senso, é necesaria a mellora dos

equipamentos deportivos, sociais e culturais, o aumento e creación de actividades e recursos lúdicos específicos e atractivos para adolescentes, así como o aumento de persoal para cubrir estas necesidades.

- A proximidade de Teo co concello de Santiago móstrase como unha oportunidade de acceso a unha ampla e variada oferta cultural e de ocio para infancia e adolescencia.

7. ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

Chegado este punto, e tendo presentes as achegas que persoas menores de idade e adultas fixeron, fíxanse a seguir as actuacións mediante as que se pretenden facer efectivos os obxectivos relacionados anteriormente.

Obxectivo 1. Favorecer a transversalización da participación infantil e da adolescencia.			
Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
1.1. Iniciar e realizar os trámites para a renovación do selo de Cidades Amigas da Infancia da UNICEF no concello de Teo e da coordinación interna do Plan Municipal da Infancia e a Adolescencia.	2023-2027	Grupo coordinador (dos trámites de renovación do CAI e de elaboración do PLIA).	1) Datas de creación do Grupo e de reunións. 2) Documentación requirida pola UNICEF para a obtención da renovación do selo de Cidades Amigas da Infancia.
1.2. Renovar a Mesa de Coordinación Interna, estrutura municipal de carácter político para a coordinación das políticas de infancia.	2023-2027	Concellarías do concello de Teo e Grupo coordinador.	1) Datas das reunións da Mesa de Coordinación Interna (mínimo dúas veces ao ano). 2) Número de participantes. 3) Avaliación do PLIA.
1.3. Renovar a Mesa Comunitaria (ou de Coordinación Externa) para a interlocución e traballo conxunto con outras administracións públicas, con ONGD ou outras entidades e persoas de interese, para a diagnose e articulación de accións en favor da infancia e a adolescencia.	2023-2027	Representantes da Mesa de Coordinación Interna, de asociacións locais, de diferentes entidades e ámbitos relacionados coa infancia e adolescencia, e Grupo coordinador.	1) Datas das reunións da Mesa Comunitaria ou Mesa de Coordinación Externa (mínimo dúas veces ao ano). 2) Número de participantes. 3) Avaliación do PLIA.
1.4. Renovar o Foro de Participación da Infancia e a Adolescencia (FoPIA) como estrutura permanente de participación de persoas menores de idade, recoñecida polo concello de Teo.	2023-2027	Persoas menores de idade participantes, entre as que se atopan as persoas elixidas representantes nos centros de ensino.	1) Datas das reunións do FoPIA (mínimo tres veces ao ano). 2) Número de participantes.
1.5. Renovar o Consello Local da Infancia e a Adolescencia (CLIA) co obxectivo de facer o seguimento e colaborar na execución do Plan de Infancia e Adolescencia.	2023-2027	Representantes das diferentes áreas do goberno municipal, dos grupos políticos con representación municipal, das ANPAS, da asociación ARC Os Tilos, de profesionais de entidades públicas e privadas que desenvolven, no concello, actividades relacionadas	1) Datas das reunións do CLIA (mínimo dous plenos anuais). 2) Número de persoas participantes e número de entidades participantes. 3) Número de propostas tratadas.

		cos dereitos da infancia e a adolescencia e representantes do FoPIA.	
1.6. Actualizar o espazo creado na páxina web do concello de Teo (teo.gal) ao redor do Plan Municipal da Infancia e a a Adolescencia de Teo e do seu desenvolvemento.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Cuantificar e identificar a información ofrecida.
1.7. Promover asistencia a encontros con outras Cidades Amigas da Infancia para a troca de coñecementos e experiencias, tanto a nivel galego como estatal con grupos doutros municipios.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Número de encontros realizados. 2) Número de participantes en cada encontro.
1.8. Procurar fórmulas para facilitar a participación de persoas menores de idade non integradas no FoPIA de Teo para poderen exercer o seu dereito a seren escoitadas en relación aos asuntos municipais que lles concerniren (caixas de correo, foros, etc.).	2023-2027	Grupo Coordinador, Mesa de Coordinación Interna e FoPIA.	1) Identificación e cuantificación das fórmulas utilizadas. 2) Número de persoas usuarias. 3) Número de propostas ou consultas.
1.9. Facilitar a incorporación de persoas menores de idade na organización e desenvolvemento das actividades comunitarias realizadas en Teo.	2023-2027	Grupo Coordinador e FoPIA.	1) Número de actividades comunitarias nas que colaboran persoas menores de idade. 2) Número de persoas participantes.
1.10. Consultar o FoPIA, a través do CLIA, acerca da programación de actividades infantís e xuvenís que foren ser postas en marcha nas diferentes áreas municipais.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Número de consultas realizadas.
1.11. Manter o concello de Teo nas redes e iniciativas que agrupen a nivel autonómico, estatal e internacional os municipios máis comprometidos cos dereitos da infancia e da adolescencia no ámbito municipal.	2023-2027	Grupo Coordinador e Mesa de Coordinación Interna.	1) Número de redes e iniciativas coas que colabora o concello de Teo.
1.12. Realizar obradoiros formativos sobre o programa Cidades Amigas da Infancia da UNICEF e sobre participación cidadá.	2023-2027	Grupo Coordinador, IES de Cacheiras, CEIP dos Tilos, CEIP da Ramallosa, CEIP de Calo, ARC Os Tilos e ANPAs.	1) Número de obradoiros realizados. 2) Número de persoas participantes.
1.13. Instituír e celebrar con carácter oficial o Día Internacional da Infancia co obxectivo de dar a coñecer e promover o respecto dos	2023-2027	Pleno da corporación municipal e FoPIA.	1) Acordo do pleno. 2) Número de actividades realizadas. 3) Orzamento executado.

Dereitos da Infancia.			4) Número de persoas participantes.
1.14. Trasladar ás concellarías correspondentes a información recollida polo CLIA e/ou o FoPIA sobre as cuestións que lle preocupan á mocidade do concello.	2023-2027	Grupo Coordinador.	1) Número de comunicacións realizadas.

Obxectivo 2. Racionalizar a planificación das estruturas educativas.

Actuacións	Tempo	Axentes implicados	Indicadores de avaliación
2.1. Elaborar un mapa escolar municipal.	2023-2027	Concellaría de Educación, Centros de Ensino e ANPAs.	1) Data da publicación do mapa escolar municipal.
